Sobre os estudos e as medidas que impulsou ou pensa promover o Goberno galego no que atinxe á situación de desigualdade económica das familias monoparentais

- 31599 - 19450 (12/PRE-009815)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia verbo do impacto ambiental, económico e social que supoñería a reapertura da mina de Touro

- 31596 - 19472 (12/PRE-009820)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto do modelo de xestión da residencia de maiores e do centro de día de Dozón

- 31594 - 19490 (12/PRE-009824)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a situación da escolarización infantil e as posibilidades de conciliación das familias nos concellos da comarca do Deza

- 31591 - 19580 (12/PRE-009838)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as consecuencias das últimas modificacións legais no que concirne ás garantías nos procedementos de solicitude das prestacións da Lei da dependencia

- 31590 - 19586 (12/PRE-009839)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre o conflito laboral na Escola Infantil Merlín, de Bertamiráns, no concello de Ames, as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia ao respecto e a súa postura en relación co financiamento que chega ao devandito centro

- 31958 - 19650 (12/PRE-009845)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre as razóns e a eventual rectificación por parte do Goberno galego da exclusión das cooperativas sen ánimo de lucro das subvencións para programas de recursos integrais de atención especializada dirixidos especificamente a mulleres en situación de especial vulnerabilidade



- 32019 - 19817 (12/PRE-009855)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a elaboración dun estudo, no que participe a cidadanía, que teña por obxecto establecer a opción óptima para a mellora da seguridade viaria e peonil da estrada autonómica PO-400 ao seu paso polo concello de Crecente, así como a fixación dos correspondentes prazos

- 31300 - 19818 (12/PRE-009856)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre a eventual ampliación dos proxectos en marcha relativos á conexión ferroviaria da PLISAN (Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra-As Neves) para incluír tamén o transporte de viaxeiros

- 31956 - 19821 (12/PRE-009857)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a situación laboral en que se atopan os equipos de valoración e orientación da dependencia e da discapacidade en Galicia e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia respecto da condición deste persoal e da dotación dos equipos

- 31954 - 19828 (12/PRE-009858)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre a actualización da composición do Consello Galego de Benestar Social e o impulso do papel deste órgano consultivo e de participación no ámbito dos servizos sociais

- 31952 - 19869 (12/PRE-009864)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre os prazos, os orzamentos e os mecanismos previstos pola Xunta de Galicia co fin de concretar o Plan integral de actuación para a renovación e o impulso dos centros de información á muller, anunciado en novembro de 2024

- 31950 - 19947 (12/PRE-009870)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre a información relativa ás cinco mil persoas que recibiron a homologación automática dos graos de dependencia e de discapacidade e a valoración sobre a conveniencia desta medida

- 31947 - 20027 (12/PRE-009881)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre a situación sociosanitaria do concello das Pontes e as previsións da Xunta de Galicia verbo da habilitación total das prazas autorizadas no seu centro de día



- 32014 - 20063 (12/PRE-009887)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e Rodil Fernández, Olalla

Sobre o balance, os requisitos e o atraso da convocatoria deste ano das subvencións destinadas á contratación por parte de entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social

- 31945 - 20152 (12/PRE-009903)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as condicións das subvencións destinadas ao financiamento das casas niño

- 31943 - 20257 (12/PRE-009911)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a calidade dos servizos prestados na Residencia Concepción Arenal, residencia de maiores da Coruña, a partir da privatización da súa xestión e a avaliación que fai a Xunta de Galicia da súa situación

- 31298 - 20263 (12/PRE-009912)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as previsións que ten o Goberno galego co obxectivo de materializar a Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas e a idea de crear unha gran vía verde atlántica

- 31295 - 20350 (12/PRE-009924)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre o tipo de permisos mineiros que se están tramitando ante o Goberno galego en relación coa canteira de Toén, o estado en que está a correspondente tramitación, a empresa solicitante e o proxecto de explotación

- 31941 - 20441 (12/PRE-009928)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre as previsións da Consellería do Mar ante a aparición da planaria *Postenterogonia orbicularis* nas nosas costas e a eventual posta en marcha dunha rede de vixilancia para a súa detección

- 31587 - 20464 (12/PRE-009932)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre a participación de Xesgalicia en empresas do sector da biomasa e a venda das accións que tiña na planta de *pellets* de Biomasa Forestal

- 31940 - 20573 (12/PRE-009946)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións, os estudos e os plans da Xunta de Galicia en materia de protección do medio mariño das costas galegas fronte ás especies invasoras

- 31293 - 20785 (12/PRE-009972)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a postura da Xunta de Galicia verbo da aprobación na anualidade de 2025 de axudas públicas ás empresas electrointensivas situadas en Galicia para compensar as emisións de CO2

- 31937 - 20847 (12/PRE-009983)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre o grao de idoneidade da localización e dos recursos do Punto de Encontro Familiar de Ourense para o cumprimento das súas funcións e as actuacións que prevé impulsar o Goberno galego ao respecto

- 31180 - 20871 (12/PRE-009989)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e 3 máis

Sobre a regulación da expansión do viñado e os plans da Xunta de Galicia para impulsar unha ordenación que evite a invasión dos núcleos de poboación polas explotacións vitícolas

- 31877 - 20901 (12/PRE-009993)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación co proxecto de dragaxe do río Lérez

- 31292 - 20998 (12/PRE-010011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a aprobación da prórroga do Plan Moves III e o impulso de normativas e subvencións públicas para facilitar o desenvolvemento de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos

- 31177 - 21053 (12/PRE-010019)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Ríos Santomé, Paulo

Sobre a situación en que está o proxecto de mellora da seguridade viaria da estrada AC-542 ao seu paso por Infesta, no concello de Betanzos

- 31175 - 21067 (12/PRE-010025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as actuacións que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia para lle garantir ao alumnado de etapas postobligatorias a dispoñibilidade de transporte público



- 31173 - 21068 (12/PRE-010026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a escaseza da lamprea nos ríos Miño e Tea e o control por parte da Administración autonómica dos baleirados dos encoros que afectan a esta e outras especies

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 3 de xullo de 2025, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) 2016/679, (UE) 2016/1036, (UE) 2016/1037, (UE) 2017/1129, (UE) 2023/1542 e (UE) 2024/573 no que respecta a a ampliación de determinadas medidas de mitigación dispoñibles para as pequenas e medianas empresas ás pequenas empresas de mediana capitalización e outras medidas de simplificación [COM (2025) 501]{SWD (2025) 501}

-12/UECS-000060 (28102)

Consulta sobre o principio de subsidiariedade en relación á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) 2016/679, (UE) 2016/1036, (UE) 2016/1037, (UE) 2017/1129, (UE) 2023/1542 e (UE) 2024/573 no que respecta a a ampliación de determinadas medidas de mitigación dispoñibles para as pequenas e medianas empresas ás pequenas empresas de mediana capitalización e outras medidas de simplificación [COM (2025) 501]{SWD (2025) 501}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 28102, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) 2016/679, (UE) 2016/1036, (UE) 2016/1037, (UE) 2017/1129, (UE) 2023/1542 e (UE) 2024/573 no que respecta a a ampliación de determinadas medidas de mitigación dispoñibles para as pequenas e medianas empresas ás pequenas empresas de mediana capitalización e outras medidas de simplificación [COM (2025) 501]{SWD (2025) 501}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010 e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1.º) Trasladarlles o referido escrito á Comisión 3.ª; Economía, Facenda e Orzamentos, aos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2.º) Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar



propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3.º) Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16703**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a situación da atención sanitaria no Centro de Saúde de Oourol ao non ter presenza diaria dun médico ou médica"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A escaseza de profesionais sanitarios, especialmente en atención primaria, é un problema que se dá en toda España e que dificulta a cobertura de substitucións ante incapacidades temporais, vacacións ou xubilacións. A responsabilidade de poñer enriba da mesa solucións para paliar este déficit de profesionais correspóndelle ao Goberno de España.

A atención sanitaria en Oourol está garantida. A demora para conseguir cita co médico de familia é inexistente".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:33:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31470
Data envío: 18/08/2025 19:33:39.373

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16754**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Trenor López e outros deputados e deputadas, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto das incidencias que se están a rexistrar no transporte ferroviario"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes en resposta á pregunta oral en Pleno número 16753, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 9 de abril de 2025, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes criticou o agravio continuo a Galicia por parte do Goberno central no que se refire ao servizo de transporte ferroviario, do que destacou a súa precariedade debido a unha xestión ineficiente do Executivo estatal.

A resposta completa do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes pode verse nos seguintes enlaces:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZWUwYTM1NjUtMGRmMi00MTRkLTg5YmEtZDk4YjRkYmM5MWZj&start=2460>

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZWUwYTM1NjUtMGRmMi00MTRkLTg5YmEtZDk4YjRkYmM5MWZj&start=2804>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:33:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31466
Data envío: 18/08/2025 19:33:14.774

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 16793** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"o grao de desenvolvemento do I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024 e a valoración que fai a Xunta de Galicia da necesidade de aprobar a proposición de lei orgánica que se tramita nas Cortes Xerais sobre proxenetismo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

" O I Plan Galego contra a Trata desenvolto entre o 2022 e o 2024 foi pioneiro no conxunto do Estado e contou coa colaboración activa do tecido asociativo que representa unha peza fundamental na loita contra a explotación sexual e na atención e recuperación das vítimas. Deste xeito, é necesario poñer en valor o labor da Rede Galega contra a Trata que participou na elaboración do documento.

O Plan permitiu ofrecer unha atención social integral a máis de 1.900 vítimas e formar a máis de 200 profesionais de diferentes sectores como a Administración pública e as Forzas de Seguridade do Estado para dotalos de ferramentas esenciais para combater a explotación sexual e detectar a posibles vítimas.

Así mesmo, destacan as accións formativas que se desenvolveron na comunidade educativa co obxectivo de sensibilizar á poboación máis nova e tamén as súas familias. Nesta liña, destacan os obradoiros e talleres formativos que se desenvolveron con mozas e mozos para concienciar sobre a explotación sexual como unha forma de violencia de xénero.

Entre as accións levadas a cabo no marco dese Plan destacan os programas e itinerarios para fomentar a integración sociolaboral das mulleres vítimas de explotación sexual e trata, ofrecéndolle formación e ferramentas para a busca dun emprego. Así, máis do 25% lograron acceder ao mercado laboral e comezar unha vida independente economicamente.

É importante lembrar que Galicia foi pioneira no recoñecemento das vítimas de trata como vítimas de violencia de xénero, garantindo así o seu acceso aos recursos e prestacións establecidos na lei. Con todo, recordemos que o Goberno central aínda

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





non publicou a norma estatal contra a trata e que impide o desenvolvemento homoxéneo de políticas e evidencia unha falta de coordinación que dificulta a protección e a garantía de dereitos das vítimas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:18:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31669
Data envío: 19/08/2025 17:18:10.108

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 16794** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación coa recomendación da Valedoría do Pobo verbo do procedemento de declaración de discapacidade no caso das vítimas de violencia de xénero"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

" Con respecto á valoración da discapacidade a persoas vítimas de violencia de xénero, indicar que xa teñen preferencia na valoración.

O artigo 16 da Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, establece:

"Artigo 16. Orde de prelación na tramitación dos procedementos

1. Os procedementos iniciaranse por orde de entrada. Cando o órgano da xefatura territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais entenda que existen razóns de interese público, obxectivamente motivadas, poderá alterar esta orde.

2. Non obstante o disposto no punto anterior daráselles prioridade ás solicitudes urxentes polos seguintes motivos debidamente xustificados:

Existencia dun procedemento aberto, xudicial ou administrativo, relativo a violencia de xénero, que se poida ver afectado polo recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:18:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31668
Data envío: 19/08/2025 17:18:03,537

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 16798**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a cobertura actual da Rede de puntos de encontro familiar, a formación en igualdade das persoas que prestan neles os seus servizos e as previsións da Xunta de Galicia relativas á ampliación da rede"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

" Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) constitúense como un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e que ten por obxecto favorecer as relación entre os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas vese interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

Noutras comunidades autónomas, este servizo é prestado polas administracións autonómicas e locais. No caso de Galicia, é prestado e sufragado exclusivamente pola Xunta de Galicia sen que os concellos acheguen financiamento algún.

Os PEF realizan intervencións relacionadas coa execución do réxime de visitas, como por exemplo as entregas e recollidas das e dos menores, visitas tuteladas ou visitas supervisadas.

Pero ademais do cumprimento do réxime de visitas, os profesionais dos PEF tamén levan a cabo outras intervencións coma o deseño e desenvolvemento dun programa psicosocioeducativo individualizado de intervención coas familias e os menores, coa finalidade de acadar a normalización das relacións familiares; a orientación e apoio familiar proporcionando información, atención e asesoramento ás persoas proxenitoras e aos menores; a intervención en negociación e aplicación de técnicas mediadoras, ou intervencións encamiñadas a reducir o impacto da nova situación familiar e preparar as persoas proxenitoras e aos seus fillos para que as relacións entre eles se cheguen a normalizar e a realizar coas maiores garantías posibles.

En todo caso, os PEF traballan baixo o principio de temporalidade, é dicir, trabállase sempre de cara a normalizar as relacións familiares, e non a cronificar estas intervencións.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En canto aos profesionais que traballan nos PEF, falamos de equipos multidisciplinares que están compostos, polo menos, por tres profesionais de dúas titulacións diferentes do ámbito da psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, dereito, traballo social ou educación social.

A Rede de Puntos de Encontro Familiar de Galicia púxose en marcha no ano 2000 e está integrada por oito centros, todos eles de titularidade da Xunta de Galicia, situados nas sete grandes cidades: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, e tamén na comarca de Barbanza.

O Goberno galego iniciou polo tanto nesta comarca de Barbanza a ampliación da rede de Puntos de Encontro Familiar, conscientes de que era necesario ampliar o seu número para darlle máis facilidades ás familias usuarias deste servizo. Froito desta importancia que os PEF teñen para a Xunta de Galicia, xa se teñen iniciado as actuacións correspondentes para elevar esa cifra con novos puntos de encontro familiar nas outras tres provincias galegas onde aínda non se ampliara a rede”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:17:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31667
Data envío: 19/08/2025 17:17:56.671

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 16800** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"a disposición da conselleira de Política Social e Igualdade a atender as peticións do alcalde de Foz relativas á xestión da residencia e centro de día desta localidade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 20 as previsións da Xunta de Galicia, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

" O Goberno central está intentando impoñer un reparto de menores migrantes totalmente arbitrario e sen fundamento.

O traslado de 317 menores a Galicia poría en risco o noso sistema de protección baseado na integración e na convivencia dos nenos e adolescentes sen importar o seu lugar de procedencia e nacionalidade. Unha rede que está conformada por pequenos centros repartidos en toda Galicia e non por macrorresidencias e prioriza a acollida en familias.

Galicia non pode aceptar esta nova chantaxe e imposición do Executivo central. Estamos ante un reparto pactado con Puigdemont e os seus socios. Proba disto é que pretende impoñer 317 menores a Galicia, mentres que a Cataluña e ao País Vasco lle tocarían 0 menores.

A Xunta censura novamente que o Executivo central pretenda impoñer un reparto de menores sen consenso e sen planificación; e renunciando ao diálogo e á negociación, como sempre se fixera ata agora.

Ademais, o Goberno central confirmou que non vai aportar financiación a Galicia para garantir a atención e o benestar dos menores. Lembramos que neste 2025 Galicia está a financiar o 100% da acollida de todos os menores migrantes que viñeron nos últimos anos.

Ante esta situación, Galicia ten presentado un recurso ante o Constitucional xunto a outras 10 CCAA de distinto cor político, que foi admitido a trámite.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Cómpre lembrar que a Xunta, co aval do Consello Consultivo, presentou un recurso de inconstitucionalidade, xa que:

- Invade competencias en materia de asistencia social e protección de menores, que son competencia exclusiva das CC.AA.
- É un reparto feito á medida dos socios de Goberno de España, que ademais pon en risco o noso sistema de protección que é un dos máis integradores a nivel nacional.
- E é unha mostra do fracaso das políticas migratorias do Executivo central ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:17:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31666
Data envío: 19/08/2025 17:17:48,788

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 16801** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"o eventual desenvolvemento, en colaboración coa Fegamp, dunha estratexia para estender os centros de información á muller (CIM) a todo o territorio galego e dunha actualización da súa normativa"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 20, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"En sesión plenaria celebrada o pasado día 25/06/2025, a conselleira de Política Social e Igualdade respondeu a unha pregunta oral con número de rexistro 16825 sobre o mesmo tema, e formulada polo mesmo grupo parlamentario.

Pódese acceder á súa resposta na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDkxOTA2OTQtNDczZC00NTFLTGzM2YtZDIxMDg0N2YONGQ2&start=13309>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:42:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31694
Data envío: 19/08/2025 17:42:22.099

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16805**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego en relación cos compromisos que adoptou respecto da aprobación dun estatuto e do impulso dun plan estratéxico para a muller rural galega"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Lei de Igualdade de Galicia, recolle no seu artigo 179 o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar, un órgano colexiado de asesoramento, análise e seguimento da situación das mulleres rurais e do mar en Galicia.

Actualmente estase traballando no que será o próximo decreto que regulará o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia, co que se pretende dar un pulo á participación das profesionais dos ámbitos pesqueiro e marisqueiro.

As modificacións realizadas no Observatorio producíronse para incluír na súa composición a representantes da Federación Galega de Confrarías, que integra, a través das confrarías, a maioría das mulleres profesionais dos ámbitos pesqueiro e marisqueiro.

A súa composición avalíouse directamente co sector, co que se mantiveron encontros para concretar a representatividade. Froito desas reunións e a petición do propio sector, determinouse a inclusión da Federación Galega de Confrarías de Pescadores.

A Federación Galega de Confrarías agrupa ás 63 confrarías galegas, que contan entorn a 10.750 afiliados, das que máis de 3.300 son mulleres. E que, no seu conxunto, máis de 200 mulleres están nos órganos de goberno das confrarías.

A través da Lei de acompañamento, mellórase a súa composición e organización, ao concretar, por un lado, os perfís da representación da Administración, e por outro, incluír na súa composición tanto a representantes do Consello Agrario Galego que ten, entre outras, a función de impulsar a participación das mulleres do medio rural, como a representantes da Federación Galega de Confrarías que integran, a través das confrarías, a maioría das mulleres profesionais dos ámbitos pesqueiro e marisqueiro."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 22:57:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31983
Data envío: 21/08/2025 22:57:05.240

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16812**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a formación en igualdade e dereitos da infancia dos cadros de persoal dos puntos de encontro familiar e do Imelga e as medidas que prevé tomar o Goberno galego para que non se repitan casos como o da resolución xudicial que conduciu ao ingreso dunha rapaza de Marín nun centro de menores sen estar en situación de desamparo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) constitúense como un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e que ten por obxecto favorecer as relación entre os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas vese interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

Noutras comunidades autónomas, este servizo é prestado polas administracións autonómicas e locais. No caso de Galicia, é prestado e sufragado exclusivamente pola Xunta de Galicia sen que os concellos acheguen financiamento algún.

Os PEF realizan intervencións relacionadas coa execución do réxime de visitas, como por exemplo as entregas e recollidas das e dos menores, visitas tuteladas ou visitas supervisadas.

Pero ademais do cumprimento do réxime de visitas, os profesionais dos PEF tamén levan a cabo outras intervencións coma o deseño e desenvolvemento dun programa psicosocioeducativo individualizado de intervención coas familias e os menores, coa finalidade de acadar a normalización das relacións familiares; a orientación e apoio familiar proporcionando información, atención e asesoramento ás persoas proxenitoras e aos menores; a intervención en negociación e aplicación de técnicas mediadoras, ou intervencións encamiñadas a reducir o impacto da nova situación familiar e preparar as persoas proxenitoras e aos seus fillos para que as relacións entre eles se cheguen a normalizar e a realizar coas maiores garantías posibles.

En todo caso, os PEF traballan baixo o principio de temporalidade, é dicir, trabállase sempre de cara a normalizar as relacións familiares, e non a cronificar estas intervencións.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





En canto aos profesionais que traballan nos PEF, falamos de equipos multidisciplinares que están compostos, polo menos, por tres profesionais de dúas titulacións diferentes do ámbito da psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, dereito, traballo social ou educación social.

A Rede de Puntos de Encontro Familiar de Galicia púxose en marcha no ano 2000 e está integrada por oito centros, todos eles de titularidade da Xunta de Galicia, situados nas sete grandes cidades: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, e tamén na comarca de Barbanza.

O Goberno galego iniciou polo tanto nesta comarca de Barbanza a ampliación da rede de Puntos de Encontro Familiar, conscientes de que era necesario ampliar o seu número para darlle máis facilidades ás familias usuarias deste servizo. Froito desta importancia que os PEF teñen para a Xunta de Galicia, xa se teñen iniciado as actuacións correspondentes para elevar esa cifra con novos puntos de encontro familiar nas outras tres provincias galegas onde aínda non se ampliara a rede."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 22:56:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31982
Data envío: 21/08/2025 22:56:59.766

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16816**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a cooperación coa Administración local na loita contra a violencia de xénero, o estado en que está a actualización do Protocolo de coordinación e cooperación interinstitucional, así como sobre o labor de prevención efectuado e o que está previsto respecto desta materia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A transversalidade na loita contra a violencia de xénero lévanos a colaborar cos que están máis preto das vítimas: os concellos e entidades do terceiro sector.

No caso dos concellos, contamos coa Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero.

E no marco da que se teñen constituído as mesas locais de coordinación. O seu número duplicouse nos últimos oito anos, pasando de 64 a 112 actuais.

Máis da metade dos concellos galegos forman parte dunha mesa local, en concreto 162.

Outro dos recursos públicos de proximidade son os Centros de Información á Muller (CIM) que ademais de sensibilizar e prestar asesoramento, axudan a detectar moitos casos que pasan inadvertidos. Actualmente estamos a desenvolver o Plan integral de actuación para o seu impulso.

Dentro das funcións do persoal dos centros de crise 24 horas está a sensibilización e a formación en materia de violencia de xénero.

Ademais, a Xunta financia outra serie de programas no eido educativo, como:

O programa "O machismo é violencia, con todas as letras", un proxecto pioneiro que leva o relato das vítimas de violencia de xénero ás aulas, e que tivo unha excelente acollida por parte de profesores e alumnos

Un programa impartido en 33 centros de 3º e 4º da ESO, chegando a máis de 2.000 mozos e mozas.

O vindeiro curso escolar, prevese chegar a preto de 50 centros.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Ou o plan Proxecta para a promoción da igualdade e prevención violencia de xénero e violencia sexual nos centros de primaria e infantil.

No ámbito da igualdade, destacan:

Os centros Quérote+, con obradoiros de prevención de violencia de xénero, bo trato, sexualidade, benestar emocional e diversidade sexual.

Os programas de apoios para concellos e ANPAS para accións de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero.

E puxemos en marcha as áreas de sensibilización e puntos lila e arco da vella nos festivais de música do verán que en 2024 atenderon a máis de 15.000 persoas e que se espera este ano superar esta cifra."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 22:54:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31980
Data envío: 21/08/2025 22:54:39.768

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 16820**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a política prevista polo Goberno galego para abordar a dobre discriminación, por xénero e por idade, que sofren as mulleres galegas maiores"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia deu un paso adiante na loita contra o idadismo coa presentación o pasado mes de xullo, da súa Estratexia Galega contra ou Idadismo, a primeira a nivel autonómico, estatal e europeo.

Trátase da primeira estratexia elaborada por unha comunidade autónoma para combater este problema, que desde 2021 está tratado pola OMS cunha base científica para afrontalo. Trátase dun compromiso a longo prazo, xa que comeza este ano e está previsto que se desenvolva ata o ano 2031. A Estratexia articula as súas accións en tres grandes liñas: intervencións interxeracionais, actividades educativas e acción política e lexislativa.

A iniciativa, impulsada polo Goberno galego, contou coa colaboración da Cátedra de Idadismo da Universidade de Vigo, a consultora en idadismo, Vania de la Fuente, e outras entidades como o Colexio de Educadores Sociais, a Federación de Asociacións Universitarias Sénior, Cáritas e a Rede Galega contra a Pobreza.

O compromiso do Goberno galego coa loita fronte á pobreza enerxética é inequívoco. Así, hai que sinalar que Galicia é a comunidade autónoma de España onde máis se reduciu en 2024 a taxa Arope, que mide o risco de pobreza e/ou exclusión social, ao situarse no 18,8%, a máis baixa desde que se teñen datos e sete puntos por debaixo da media nacional".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 14:07:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31314
Data envío: 18/08/2025 14:07:30.164

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 17018**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Óscar Insua Lema, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia no referido á creación de mecanismos públicos de acceso gratuito para a solución de conflitos de forma previa ao aceso á vía xurisdiccional civil"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O artigo 6.11 da LAXG establece que o dereito á asistencia xurídica gratuita comprende a asistencia do profesional da avogacía a calquera dos medios adecuados de solución de controversias.

De non haber acordo, trala modificación da Orde do 19 de decembro de 2024, pola que se establece a compensación económica aos colexios de avogados de Galicia polas actuacións dos seus colexiados no ámbito da asistencia xurídica gratuita durante o cuarto trimestre de 2024 e o primeiro, segundo e terceiro trimestre de 2025, procederase á inclusión dun novo baremo na parte referida aos módulos no ámbito das Actuacións extraprocesuais, que cubrirá as actuacións letradas nos requisitos previos de procedibilidade. Esta modificación terá efectos retroactivos á data da entrada en vigor da reforma, isto é, ás actuacións realizadas a partir do 3 de abril de 2025.

Con esta modificación dáse cumprimento a unha das pretensións do Consello Xeral da Avogacía, a relativa á introdución de novos módulos e bases de compensación económica para as persoas profesionais da avogacía que presten a súa asistencia nestes mecanismos alternativos aos beneficiarios de asistencia xurídica gratuita.

Para os efectos informativos, débese indicar que actualmente está disposto un servizo de medidas alternativas de solución de controversias no ámbito familiar. Trátase dun servizo dirixido a facilitar a comunicación entre os membros dunha familia nunha situación de conflito. Este servizo é gratuito para aquelas persoas que teñan dereito a xustiza gratuita. As persoas interesadas deben presentar unha solicitude de mediación e designación de mediadores ou mediadoras familiar (procedemento BS426B). Poderán elixir a persoa mediadora entre os profesionais inscritos no Rexistro de Mediadoras e Mediadores Familiares de Galicia. Se non hai acordo, será designada de oficio pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, da Consellería de Política Social.

Igualmente, na páxina web do Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes, hai información sobre o Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación, de carácter público e informativo, o cal se constitúe como a base de datos informatizada accesible gratuitamente e coa finalidade de facilitar á cidadanía este medio de solución de controversias a través da publicidade das persoas mediadoras profesionais e as institucións de mediación".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:57:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31635
Data envío: 19/08/2025 16:57:48.821

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 17037**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego para 2025 verbo do reforzamento das liñas de autobús interurbano que van desde O Milladoiro e Bertamirás, concello de Ames, a Santiago de Compostela"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta promove o uso do transporte público como principal alternativa de mobilidade fronte ao coche, como unha das medidas estratéxicas para avanzar nun modelo de mobilidade máis verde, sostible e socialmente responsable.

Neste obxectivo é fundamental que a oferta de servizos de autobús atenda coa maior precisión as necesidades de mobilidade da cidadanía.

No caso da mobilidade entre Ames e Santiago de Compostela, a oferta de servizos de autobús entre ambas as localidades é moi ampla."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 17:38:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31225
Data envío: 14/08/2025 17:38:43,430

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 17045**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e outros deputados e deputadas, sobre **"a postura do Goberno galego ante a posibilidade de aprobar en 2025 unha estratexia de contratación pública que fomente a economía de proximidade e o consumo de produto local"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 13 de maio de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 17046, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ODYxOGU4OTgtNDJjMS00Y2QxLWE5NGYtNWYyOTY3M2FmZGJl&start=5448.493](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODYxOGU4OTgtNDJjMS00Y2QxLWE5NGYtNWYyOTY3M2FmZGJl&start=5448.493)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a postura do Goberno galego ante a posibilidade de aprobar en 2025 unha estratexia de contratación pública que fomente a economía de proximidade e o consumo de produto local".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 22:53:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31973
Data envío: 21/08/2025 22:53:57,350

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 17064**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, dona Ariadna Fernández González e dona Olalla Rodil Fernández sobre **"a demanda de prazas públicas de educación infantil na cidade e na comarca da Coruña e as medidas previstas polo Goberno galego para incrementar o seu número"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

" A educación infantil de 0 a 3 anos é unha etapa fundamental no desenvolvemento integral dos nosos nenos e nenas. Por iso, investir nesta etapa é apostar por unha sociedade máis xusta, equitativa e preparada para o futuro. E, precisamente por iso, Galicia fixo da gratuidade educativa no primeiro ciclo de infantil un compromiso real.

Catro anos despois do comezo do programa de gratuidade en escolas infantís impulsado pola Xunta de Galicia, a realidade é que Galicia conta cunha das mellores redes de escolas infantís 0-3 de España: a realidade é que temos 32.000 prazas no primeiro ciclo de educación infantil, unha etapa voluntaria e na que as familias aforran case 3.000 euros ao ano.

E catro anos despois a realidade é que ningunha zona de España ten un programa de gratuidade como o noso, aínda que nos tentan imitar. E isto é posible grazas a que cada ano a Xunta inviste 65 millóns de euros de fondos propios. Un esforzo que asumimos en solitario, xa que a día de hoxe a contribución do Goberno central, pese a promesas electorais e anuncios, ascende a un total de 0 euros.

Os datos oficiais do Goberno de España ratifican o impacto positivo desta medida, e desmenten que as familias galegas non poden acceder a unha praza 0-3 gratuíta. Ao contrario, as cifras deixan claro que Galicia é líder absoluta en escolarización no primeiro ciclo de Educación Infantil, coa maior taxa neta de escolaridade na etapa 0-3, moi por riba da media española e das ratios recomendadas. Galicia supera en 13 puntos a media española e cumpre sobradamente os obxectivos que marca a UE para 2030

Respecto dos fondos europeos, Galicia si os está a executar, puxéronse a disposición dos concellos -dando resposta a unha demanda dos propios concellos- e grazas a iso vanse crear 1.000 novas prazas. Ningún concello da área de A Coruña ten solicitado

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



estes fondos, o que para xuízo da Xunta de Galicia é sinal de que as familias coruñesas si acceden a unha praza 0-3 gratuíta con normalidade. De feito, neste curso a Xunta de Galicia destina 11,6 millóns de euros ao financiamento das preto de 3.400 prazas 0-3 gratuítas que se ofertan neste municipio.

Non obstante, a Xunta de Galicia xa advertiu hai anos -tamén en sede parlamentaria- de que os criterios do Goberno central farían fracasar a execución destes fondos, tal como está a suceder noutras comunidades. En concreto, sinalouse que eran unha oportunidade perdida porque non permiten nin financiar a gratuidade que xa disfrutaban as familias, nin mellorar as escolas xa existentes en case todos os concellos de Galicia ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 22:53:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31972
Data envío: 21/08/2025 22:53:51.449

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 17179** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, dona Ariadna Fernández González e dona Mercedes Queixas Zas, sobre **"as medidas que prevé tomar o Goberno galego ante o nivel da demanda d e prazas públicas de educación infantil na comarca da Coruña"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia dispón dunha das mellores redes de escolas infantís 0-3 de España, con máis de 32.000 prazas que permiten dar resposta á demanda de prazas nunha etapa educativa que é totalmente voluntaria, e que non é financiada polo Goberno. Ademais, son unhas escolas moi accesibles grazas ao programa de gratuidade implantado pola Xunta de Galicia, medida pioneira en España que a Xunta comezou a desenvolver no curso 2019-2020 e que lles permite ás familias pagar 0 euros pola matrícula e a atención educativa dos seus fillos, cun aforro medio por familia de preto de 3.000 euros cada curso escolar.

A Xunta de Galicia destinará neste ano 2025 máis de 65 millóns de euros ao programa de gratuidade: é dicir, as familias galegas aforran 65 millóns ao levar aos seus fillos a unha escola infantil. A dotación orzamentaria deste programa é asumida en solitario pola Xunta de Galicia en solitario, dado que a contribución do Goberno central a este programa é de 0 euros.

A principal consecuencia da aplicación deste programa é o aumento das taxas de escolarización na etapa 0-2, ata acadar cifras históricas sen precedentes en Galicia. Como xa ten informado o Goberno galego no Parlamento, Galicia é a comunidade de España coa maior taxa neta de matriculación no 1º ciclo de Educación infantil.

En concreto, Galicia é líder absoluta en España, cunha taxa de escolaridade que supera o 60% no 1º ciclo de Educación Infantil e que supera en case 13 puntos a media española. Ademais, con estes datos, Galicia xa está a cumprir sobradamente os obxectivos que marca a Unión Europea para o ano 2030: cinco anos antes de chegar a esa data, Galicia xa supera en máis de 15 puntos o obxectivo da UE.

Neste contexto, é falso que o Goberno do Estado estea a dar apoio económico para reforzar a atención educativa, tal como se indica na pregunta, dado que os fondos

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





MRR non se poden utilizar para sufragar a atención educativa das 32.000 prazas 0-3 que existen en Galicia.

En canto as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia na cidade da Coruña, o Goberno galego seguirá apostando firmemente pola implantación do programa de gratuidade na etapa 0-3, cun investimento na cidade da Coruña que superará este ano os 11,5 millóns de euros -financiados exclusivamente pola Xunta- e que permitirá ofrecer neste municipio preto de 3.400 prazas gratuítas para as familias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 22:53:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31970
Data envío: 21/08/2025 22:53:39.086

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 17184**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, don Xosé Manuel Golpe Acuña e don Secundino Fernández Fernández, sobre **"o funcionamento e a dotación do cadro de persoal da Oficina Agraria Comarcal de Cedeira"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Todas as prazas da Relación de Postos de Traballo da Oficina Rural de Cedeira están cubertas. Non obstante, e debido a causas sobrevidas de carácter particular, o persoal que ordinariamente presta o seu servizo nesa oficina non estivo en disposición de prestar o seu servizo de maneira continua e recorrente en períodos descontinuos dos últimos dous meses do ano pasado e parte do mes de xaneiro; situacións que se intentaron solucionar a través da cobertura temporal dos postos nesas datas, de acordo cos procedementos en materia de persoal.

Porén, a estrutura de coordinación territorial da Consellería do Medio Rural, con persoal administrativo e técnico agrario, de carácter itinerante, permitiu seguir prestando o servizo de atención á cidadanía durante ese período temporal de ausencia forzosa do persoal funcionario da Oficina de Cedeira.

En todo caso, considérase garantida a atención presencial á cidadanía e o funcionamento do rexistro na oficina rural de Cedeira".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:57:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31633
Data envío: 19/08/2025 16:57:36.448

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 15207** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e dona Olalla Rodil Fernández, sobre “ **situación en que están as comarcas do Deza-Tabeirós e Terra de Montes en materia de prazas públicas en escolas infantís**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“ Galicia dispón dunha das mellores redes de escolas infantís 0-3 de España, con máis de 32.000 prazas que permiten dar resposta á demanda de prazas nunha etapa educativa que é totalmente voluntaria, e que non é financiada polo Goberno. Ademais, son unhas escolas moi accesibles grazas ao programa de gratuidade implantado pola Xunta de Galicia, medida pioneira en España que a Xunta comezou a desenvolver no curso 2019-2020 e que lles permite ás familias pagar 0 euros pola matrícula e a atención educativa dos seus fillos, cun aforro medio por familia de preto de 3.000 euros cada curso escolar.

A Xunta de Galicia destina este ano 2025 máis de 65 millóns de euros ao programa de gratuidade: é dicir, as familias galegas aforran 65 millóns ao levar aos seus fillos a unha escola infantil. A dotación orzamentaria deste programa é asumida en solitario pola Xunta de Galicia, dado que a contribución do Goberno central a este programa é de 0 euros.

A principal consecuencia da aplicación deste programa é o aumento das taxas de escolarización na etapa 0-2, ata acadar cifras históricas sen precedentes en Galicia. Como xa ten informado o Goberno galego no Parlamento, Galicia é a comunidade de España coa maior taxa neta de matriculación no 1º ciclo de Educación infantil.

En concreto, Galicia é líder absoluta en España, cunha taxa de escolaridade preto do 65% no 1º ciclo de Educación Infantil e que supera en 15 puntos a media española. Isto supón que Galicia é a comunidade autónoma onde máis familias poden acceder a unha praza nunha escola infantil. Ademais, con estes datos, Galicia xa está a cumprir sobradamente os obxectivos que marca a Unión Europea para o ano 2030.

En canto as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia na comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, o Goberno galego seguirá apostando firmemente pola implantación do programa de gratuidade na etapa 0-3, cun investimento nestas dúas

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





comarcas que superará este ano os 2,5 millóns de euros -financiados exclusivamente polo Goberno galego- para financiar as 670 prazas 0-3 gratuítas para as familias que están autorizadas pola Xunta de Galicia nestas dúas comarcas.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 22:53:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31966
Data envío: 21/08/2025 22:53:15.362

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 17248**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona Elena Espinosa Mangana, sobre **"o prazo previsto pola Consellería do Medio Rural para a aprobación, conforme o disposto na Lei 38/2003, do plan estratéxico de subvencións"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia conta co documento de planificación estratéxica "Plan Estratéxico de Galicia" no que se fan constar os grandes obxectivos estratéxicos da Xunta de Galicia desagregados en cinco grandes eixes, dentro dos cales se establecen prioridades de actuación e dentro destas indícanse os obxectivos estratéxicos da organización.

Deste xeito, os grandes obxectivos estratéxicos a conseguir no período (neste caso 2022-2030) están perfectamente fixados e definidos por áreas temáticas no dito Plan estratéxico. Pero ademais, respecto destes eixes, prioridades de actuación e obxectivos estratéxicos, o documento inclúe una serie de indicadores concretos, tanto de tipo financeiro, como de produtividade ou de realización, de resultado e de contexto.

Pode afirmarse polo tanto que este plan estratéxico cumpre con todas as finalidades ás que responde o plan estratéxico de subvencións, incluso cun maior detalle e concreción a través dos seus múltiples indicadores.

Pois ben, estes obxectivos estratéxicos do Plan estratéxico de Galicia vanse concretando nos distintos instrumentos de planificación sectorial aprobados na Xunta de Galicia, que son igualmente obxecto de publicación no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

(<https://transparencia.xunta.gal/tema/transparencia-institucional/planificacion/plans-e-programas-anuais-e-plurianuais>).

Estes plans e programas sectoriais parten do Plan Estratéxico de Galicia para concretar os obxectivos operativos e liñas de acción de cada Consellería para a consecución dos seus obxectivos.

Finalmente, a elaboración cada ano dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma implica un proceso de planificación estratéxica, no que se canalizan as accións e liñas subvencionadoras de cada departamento.

Pero ademais, a Xunta de Galicia conta cun apartado específico no Portal de Transparencia e Goberno aberto relativo á publicidade das axudas e subvencións, no que poden consultarse todas as axudas e subvencións convocadas pola Xunta de Galicia, dende un único enlace, organizado por cada un dos departamentos autonómicos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Convocatorias de axudas e subvencións - Portal Transparencia

Ademais, este enlace contén mais información xa que a través del pode accederse aos textos íntegros das convocatorias, á consulta de toda a documentación e requisitos precisos para optar á subvención, os formularios de presentación, e incluso enlaza coa sede electrónica da Xunta de Galicia para permitir a presentación da solicitude.

A Consellería do Medio Rural recolle anualmente nos seus orzamentos as actuacións canalizadas a través de subvención procedentes dos seus organismos e demais entes dependentes desta, dando resposta con estas medidas de apoio financeiro ás demandas sociais e económicas existentes e promovidas por persoas físicas, entidades públicas ou privadas.

Así; a política de gasto público da Consellería queda enmarcada dentro da programación orzamentaria anual. Esta programación deseñase e aprobase tendo en conta a situacións económica existentes, os obxectivos de política económica establecidos polo Plan Económico de Galicia e velando polo cumprimento dos principios de eficacia, eficiencia, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As subvencións convocadas dende a Consellería do Medio Rural, son publicadas no DOG e postas a disposición a través da páxina web da Consellería, sendo de acceso para calquera cidadán. Así mesmo, pode accederse a elas a través do Portal de Transparencia e Goberno aberto como se indicou anteriormente.

En conclusión, a actividade subvencional da Consellería do Medio Rural SI CONTA CUNHA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DAS SUBVENCIONES, e si responde ao cumprimento do establecido nos distintos marcos ou planes estratéxicos existentes tanto a nivel europeo, nacional como rexional e concretamente aos plans e estratexias sectoriais propios da Consellería, incluídos os Programas de Desenvolvemento Rural e estratéxico da PAC”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 12:42:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 12:42:04
Nº Rexistro: 32064
Data envío: 22/08/2025 12:42:04.846

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 17252**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona Elena Espinosa Mangana, sobre **"o prazo previsto pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para a aprobación, conforme o disposto na Lei 38/2003, do plan estratéxico de subvencións"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O plan estratéxico de subvencións defínese como un documento no que os distintos departamentos fan constar os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento.

A Xunta de Galicia conta co documento de planificación estratéxica "Plan Estratéxico de Galicia" no que se fan constar os grandes obxectivos estratéxicos da Xunta de Galicia desagregados en cinco grandes eixes, dentro dos cales se establecen prioridades de actuación e dentro destas indícanse os obxectivos estratéxicos da organización.

Deste xeito, os grandes obxectivos estratéxicos a conseguir no período (neste caso 2022-2030) están perfectamente fixados e definidos por áreas temáticas no dito Plan Estratéxico. Pero ademais, respecto destes eixes, prioridades de actuación e obxectivos estratéxicos, o documento inclúe unha serie de indicadores concretos, tanto de tipo financeiro, como de produtividade ou de realización, de resultado e de contexto.

Así, os indicadores financeiros refírense ao gasto asociado a cada Eixe, Prioridade de Actuación e Obxectivo Estratéxico.

Os indicadores de produtividade ou de realización están directamente relacionados coas principais políticas de gasto asociadas aos obxectivos estratéxicos e que miden a realización física das mesmas, mentres que os indicadores de resultado miden a consecución do cambio esperado para os obxectivos estratéxicos co fin de fortalecer a orientación a resultados da planificación.

Finalmente, os indicadores de contexto serven para reflectir as principais metas do Plan e establecer comparativas con outros territorios ou rexións e mesmo en diferentes momentos do tempo.

Tendo en conta todas estas premisas, o Plan Estratéxico de Galicia é un documento de planificación que permite coñecer os principais obxectivos a conseguir pola organización, as accións a levar a cabo para a súa consecución, e os efectos concretos

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





que se pretenden conseguir con cada política pública. Ademais, este plan asocia cada obxectivo aos programas de gasto asignados para a súa consecución, e una planificación temporal que determina o prazo previsto para a consecución de cada un dos obxectivos e una análise da súa evolución.

Pode afirmarse polo tanto que este plan estratéxico cumpre con todas as finalidades ás que responde o plan estratéxico de subvencións, incluso cun maior detalle e concreción a través dos seus múltiples indicadores.

Pois ben, estes obxectivos estratéxicos do Plan estratéxico de Galicia vanse concretando nos distintos instrumentos de planificación sectorial aprobados na Xunta de Galicia, que son igualmente obxecto de publicación no Portal de Transparencia e Goberno Aberto. Estes plans e programas sectoriais parten do Plan Estratéxico de Galicia para concretar os obxectivos operativos e liñas de acción de cada Consellería para a consecución dos seus obxectivos.

Pero ademais, a Xunta de Galicia conta cun apartado específico no Portal de Transparencia e Goberno aberto relativo á publicidade das axudas e subvencións, no que poden consultarse todas as axudas e subvencións convocadas pola Xunta de Galicia, dende un único enlace, organizado por cada un dos departamentos autonómicos.

Convocatorias de axudas e subvencións - Portal Transparencia

Ademais, este enlace contén mais información xa que a través del pode accederse aos textos íntegros das convocatorias, á consulta de toda a documentación e requisitos precisos para optar á subvención, os formularios de presentación, e incluso enlaza coa sede electrónica da Xunta de Galicia para permitir a presentación da solicitude.

O enlace permite aplicar así mesmo todo tipo de filtros, como o perfil das potenciais persoas destinatarias, o departamento que a tramita, a área temática á que se refire a convocatoria ou incluso establecer filtros temporais respecto do prazo de presentación.

Pero ademais, a publicidade das subvencións, complétase con outro apartado do portal de Transparencia e Goberno aberto relativo á concesión de subvencións, que se realiza a través dun enlace á Base de Datos Nacional de Subvencións, na que se pode atopar información, entre outros datos, do organismo convocante, o importe, obxecto ou finalidade e beneficiarios.

Concesións das axudas ou subvencións - Portal Transparencia

Á vista do anterior, a planificación estratéxica de todas as consellerías está no referido plan estratéxico que recolle esta obriga unificándoa nun único documento a nivel Xunta de Galicia, xa que, como o mesmo plan establece, unha das súas pretensións é impulsar e coordinar as diferentes estratexias sectoriais da Administración autonómica a medio prazo.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



No que respecta ao ámbito da vivenda, no eixo E1, obxectivo operativo 3.1. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade, figuran os dous seguintes obxectivos operativos:

OE 1.3.1 Mellorar o acceso á vivenda en propiedade ou en aluguer dos fogares, principalmente para a mocidade e as persoas en situación de vulnerabilidade, e dar cobertura a aquelas situacións que se atopan en risco de perda da súa vivenda habitual.

OE 1.3.2 Promover medidas de mellora da accesibilidade, habitabilidade e eficiencia enerxética das vivendas, que sexan saudables e que se adapten aos futuros cambios demográficos, ás novas tecnoloxías e aos retos que supón o cambio climático. Impulsar a rehabilitación da vivenda e a renovación e rexeneración urbana.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas recolle anualmente nos seus orzamentos as actuacións canalizadas a través de subvención procedentes dos seus organismos e demais entes dependentes desta. Na elaboración daqueles, vincúlanse os diferentes programas de axudas ao mencionado Plan Estratéxico, tendo en conta igualmente a situación económica existente, os obxectivos de política económica establecidos polo Plan Económico de Galicia e velando polo cumprimento dos principios de eficacia, eficiencia, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A maiores, en materia de vivenda cóntase cun plan específico consensuado co sector no seo do Observatorio da Vivenda de Galicia: o Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025, no que se concretan os obxectivos e efectos que se pretenden acadar coas liñas de subvencións. Estes obxectivos fan referencia tanto ás grandes liñas como ás actuacións intermedias e adáptanse á estrutura que marca a normativa reguladora da elaboración dos orzamentos xerais.

Ademais deste Pacto, os plans cuadrienais estatais de vivenda marcan os diferentes programas de axudas que contan con financiamento estatal e autonómico. que se incorporan tamén ao pacto de vivenda como actuacións principais na política de vivenda para o período de vixencia do pacto.

Actualmente, no Observatorio da Vivenda de Galicia, estase traballando na elaboración do segundo Pacto de Vivenda de Galicia, que recollerá as directrices das actuacións públicas en materia de vivenda ata o 2030.

Por todo o exposto, pódese concluír que a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas conta cunha planificación estratéxica das súas subvencións.

A planificación, asignación e seguimento das subvencións realízanse de forma integral e coordinada dentro dos marcos definidos polos distintos plans, que permite cumprir cos obxectivos estratéxicos, mecanismos de control da xestión e mecanismos de avaliación de resultados aos que ten que responder a súa política de

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





subvencións, cumprindo cos principios xerais polos que se rexe a xestión de subvencións recollidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvenciones, de publicidade, transparencia, concorrência, obxectividade, igualdade e non discriminación; eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante e eficiencia na asignación e emprego dos recursos públicos e conforme a unha planificación estratéxica.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 17:38:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31223
Data envío: 14/08/2025 17:38:29.508

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 17327**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Paloma Castro Rey, sobre **"o prazo previsto pola Consellería do Medio Rural para a aprobación, conforme o disposto na Lei 38/2003, do plan estratéxico de subvencións"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia conta co documento de planificación estratéxica "Plan Estratéxico de Galicia" no que se fan constar os grandes obxectivos estratéxicos da Xunta de Galicia desagregados en cinco grandes eixes, dentro dos cales se establecen prioridades de actuación e dentro destas indícanse os obxectivos estratéxicos da organización.

Deste xeito, os grandes obxectivos estratéxicos a conseguir no período (neste caso 2022-2030) están perfectamente fixados e definidos por áreas temáticas no dito Plan estratéxico. Pero ademais, respecto destes eixes, prioridades de actuación e obxectivos estratéxicos, o documento inclúe una serie de indicadores concretos, tanto de tipo financeiro, como de produtividade ou de realización, de resultado e de contexto.

Pode afirmarse polo tanto que este plan estratéxico cumpre con todas as finalidades ás que responde o plan estratéxico de subvencións, incluso cun maior detalle e concreción a través dos seus múltiples indicadores.

Pois ben, estes obxectivos estratéxicos do Plan estratéxico de Galicia vanse concretando nos distintos instrumentos de planificación sectorial aprobados na Xunta de Galicia, que son igualmente obxecto de publicación no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

(<https://transparencia.xunta.gal/tema/transparencia-institucional/planificacion/plans-e-programas-anuais-e-plurianuais>).

Estes plans e programas sectoriais parten do Plan Estratéxico de Galicia para concretar os obxectivos operativos e liñas de acción de cada Consellería para a consecución dos seus obxectivos.

Finalmente, a elaboración cada ano dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma implica un proceso de planificación estratéxica, no que se canalizan as accións e liñas subvencionadoras de cada departamento.

Pero ademais, a Xunta de Galicia conta cun apartado específico no Portal de Transparencia e Goberno aberto relativo á publicidade das axudas e subvencións, no que poden consultarse todas as axudas e subvencións convocadas pola Xunta de Galicia, dende un único enlace, organizado por cada un dos departamentos autonómicos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Convocatorias de axudas e subvencións - Portal Transparencia

Ademais, este enlace contén mais información xa que a través del pode accederse aos textos íntegros das convocatorias, á consulta de toda a documentación e requisitos precisos para optar á subvención, os formularios de presentación, e incluso enlaza coa sede electrónica da Xunta de Galicia para permitir a presentación da solicitude.

A Consellería do Medio Rural recolle anualmente nos seus orzamentos as actuacións canalizadas a través de subvención procedentes dos seus organismos e demais entes dependentes desta, dando resposta con estas medidas de apoio financeiro ás demandas sociais e económicas existentes e promovidas por persoas físicas, entidades públicas ou privadas.

Así; a política de gasto público da Consellería queda enmarcada dentro da programación orzamentaria anual. Esta programación deseñase e aprobase tendo en conta a situacións económicas existentes, os obxectivos de política económica establecidos polo Plan Económico de Galicia e velando polo cumprimento dos principios de eficacia, eficiencia, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As subvencións convocadas dende a Consellería do Medio Rural, son publicadas no DOG e postas a disposición a través da páxina web da Consellería, sendo de acceso para calquera cidadán. Así mesmo, pode accederse a elas a través do Portal de Transparencia e Goberno aberto como se indicou anteriormente.

En conclusión, a actividade subvencional da Consellería do Medio Rural SI CONTA CUNHA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DAS SUBVENCIONES, e si responde ao cumprimento do establecido nos distintos marcos ou planes estratéxicos existentes tanto a nivel europeo, nacional como rexional e concretamente aos plans e estratexias sectoriais propios da Consellería, incluídos os Programas de Desenvolvemento Rural e estratéxico da PAC”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 12:41:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 12:41:57
Nº Rexistro: 32063
Data envío: 22/08/2025 12:41:57,922

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 17432** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"o modelo de coidados ás persoas maiores e as previsións do Goberno galego no que atinxe ao incremento de prazas públicas nas residencias de Arteixo)"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

" O coidado dos nosos maiores sempre é unha prioridade para o Goberno galego. Boa proba disto é que neste ano 2025 o orzamento dedicado á atención a maiores e mellora dos servizos sociosanitarios supera os 700 millóns de euros, case un 12% máis que o exercicio anterior.

Hoxe en día a nosa Comunidade conta con máis de 16.000 prazas públicas residenciais, é dicir tres veces máis das que había no ano 2009. A esta cifra sumaranse este mesmo ano outras 450 prazas públicas de atención a maiores, coa posta en funcionamento das tres novas residencias públicas impulsadas pola Fundación Amancio Ortega: á da Coruña con 150 prazas que dará servizo tamén aos veciños dos concellos limítrofes como Arteixo; a de Pontevedra e a de Ferrol. Tamén a residencia da Xunta en Antas de Ulla.

Como non podería ser doutro xeito, seguiremos incrementando esta oferta progresivamente coa creación, a través do Plan de Investimentos, de 650 novas prazas en residencias e centros de día municipais.

Evidentemente sabemos que este esforzo nunca é suficiente e que, por tanto, debemos seguir buscando formas de atender a cada persoa que o precise. Pero este esforzo por ofrecer aos nosos maiores os recursos e os servizos que precisan, debe vir da man de todas as Administracións.

Por outro lado, o Concello de Arteixo conta cunha residencia de maiores con 64 prazas, e tamén cun centro de día con 40 prazas (ambos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia).

Conta tamén con servizos de proximidade do Goberno galego como o Bono Coidado no Fogar, ou o SAF, onde o Goberno galego pon a disposición do Concello de Arteixo máis de 90.000 horas anuais polas que achega preto de 1,1 M/€ ao ano".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 19:20:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31964
Data envío: 21/08/2025 19:20:43,276

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 17734** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"as necesidades de prazas de atención diúrna para adultos con trastorno do espectro autista na comarca de Pontevedra"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 20 as previsións da Xunta de Galicia, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

" A conselleira de Política Social e Igualdade respondeu a unha pregunta oral con número de rexistro 17733 en sesión plenaria do día 12/02/2025 sobre o mesmo asunto e formulada polo mesmo grupo parlamentario.

Pode accederse á súa resposta na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NzUwZDJjOTUtNjY5Yi00M2I5LWEzZDctNmEzNzU4YThkYzg5&start=3898> ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:28:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:28:54
Nº Rexistro: 31792
Data envío: 20/08/2025 12:28:54.241

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 17754** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a demora neste ano 2025 da publicación das axudas periódicas para as vítimas de violencia machista, a asunción de responsabilidades políticas por este feito e as melloras que prevé introducir o Goberno galego neste ámbito"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

" Para a Xunta de Galicia é unha prioridade a atención integral ás vítimas de violencia de xénero, incluíndo nesta atención a prestación económica.

O Goberno galego ven concedendo unha prestación económica mensual á vítima de violencia de xénero desde o ano 2006 ata a actualidade, de xeito ininterrompido.

A finalidade destas axudas é proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero, para tentar garantirlles unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor ou da persoa que mantivera sobre ela unha relación de dominación para os casos das mulleres vítimas de trata con fin de explotación sexual, e así tentar axudalas a romper coa situación de violencia, posibilitándolles dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo.

Dende o ano 2006 ata a actualidade beneficiáronse destas axudas máis de 7.800 mulleres, e investiuse nesta prestación unha contía superior a 60 millóns de euros.

A convocatoria da prestación renóvase de forma puntual anualmente sen que sufra modificacións no seu procedemento dende a súa implementación, salvo no ano 2016, cando se estableceu que o prazo de solicitude estaría aberto todo o ano.

Todas as solicitudes presentadas polas vítimas foron atendidas debidamente, non existindo vítima algunha cuxa solicitude non fora debidamente tramitada.

Por ultimo, temos que dicir que esta prestación é compatible con outras axudas de carácter público, como o Ingreso Mínimo Vital, Risa, pensión non contributiva ou calquera outra, o que a converte en única en España".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:28:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:28:47
Nº Rexistro: 31791
Data envío: 20/08/2025 12:28:47,888

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 17957**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a evolución da violencia machista en Galicia, a eficacia dos recursos existentes e as actuacións que prevé desenvolver o Goberno galego para os mellorar"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A prevención e sensibilización sobre a violencia de xénero é unha prioridade absoluta e indiscutible para o Goberno galego.

O firme compromiso do Goberno galego na loita contra a violencia de xénero se materializa coa posta en marcha de medidas pioneiras e co reforzo dos recursos existentes, situando a Galicia como unha comunidade de referencia nesta materia. Neste sentido, somos a 2ª CCAA con menos violencia de xénero e a 4ª con menos violencia sexual de España.

Hai que destacar o importante labor que vén desenvolvendo o Executivo galego nos últimos anos e que se reflicte no impulso de políticas públicas integrais, no apoio ás vítimas, no incremento de recursos tanto de sensibilización como de formación para a sociedade. Ao respecto, hai que lembrar que Galicia foi a primeira comunidade tamén en aplicar cambios lexislativos como o primeiro decreto para a formación en igualdade do persoal público ou o recoñecemento da violencia dixital como unha manifestación máis desta lacra.

Nesta liña, é importante recalcar a colaboración entre todas as Administracións para seguir combatendo a violencia contra as mulleres.

Ademais, a o Goberno galego continuará reforzando os recursos existentes e as redes de atención para garantir a protección e recuperación das vítimas, sempre poñendo o foco na prevención e sensibilización en todos os ámbitos sociais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:57:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31631
Data envío: 19/08/2025 16:57:23.852

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 18155**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, dona Noa Presas Bergantiños e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"os datos referidos á xestión e tramitación das tarxetas moedeiro no concello de Ourense"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O programa de asistencia material básica (programa BÁSICO), consistente na entrega de tarxetas canxeables en supermercados por produtos básicos, é un programa estatal cofinanciado con Fondo Social Europeo Plus. Non se trata dunha prestación nin dun dereito subxectivo, senón dun recurso mais que se pon a dispor dos servizos sociais comunitarios básicos, complementando os xa existentes tanto a nivel autonómico como municipal.

En 2024 a xestión correspondeulle ao Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo y Agenda 2030, e a partir de 2025 a xestión transfírese ás Comunidades Autónomas. Deste xeito, o ano pasado a Xunta limitouse a remitir á Cruz Vermella as derivacións efectuadas dende os servizos sociais comunitarios daquelas familias que cumprían os requisitos para acceder ao programa, ata o momento en que se esgotou o crédito asignado a Galicia por parte do Ministerio, o que sucedeu nos primeiros días do mes de decembro.

Non se dispón de datos de denegacións despois desa data posto que as derivacións realizáronse dende os servizos sociais comunitarios básicos a través dun módulo específico da Historia Social única Electrónica (HSUE), e o acceso ao mesmo pechouse unha vez esgotado o crédito.

A Xunta conta con distintos apoios dirixidos ás persoas en situación de pobreza, como son as prestacións autonómicas (RISGA e Axudas de Inclusión Social), e así mesmo apoia aos concellos e as entidades de iniciativa social no establecemento de axudas e programas co mesmo obxectivo. Así mesmo, para cubrir estas situacións de necesidade, e en exercicio das súas competencias na abordaxe de situacións de emerxencia, os concellos contan con axudas de emerxencia social".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:57:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31629
Data envío: 19/08/2025 16:57:11.719

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 18233**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e outros deputados e deputadas, sobre **"a postura do Goberno galego antes as repercusións ambientais, produtivas e sociais do novo proxecto da mina de Touro e O Pino e as medidas previstas para o control da contaminación"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O día 24.06.2024, o Consello da Xunta declarou o proxecto da Mina de Touro como proxecto industrial estratéxico. Esta declaración (ao igual que acontece con outros proxectos) non presupón ningún resultado en relación co procedemento de autorización nin coa avaliación ambiental.

Tal declaración fíxose porque cumpría cos requisitos establecidos no texto refundido das disposicións legais da Comunidade de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2025, do 12 de febreiro.

De feito, entre outros, no caso concreto de Cobre San Rafael suporía:

- A creación de 394 postos de traballo directos.
- E un investimento inicial de 195,7 millóns de euros.

O 22.11.2024 expúxose á información pública (publicación no DOG) e ademais, enviouse, entre outros, aos concellos de Arzúa, O Pino, Touro e Vila de Cruces para a súa publicación no taboleiro de anuncios, ademais de pedirse informe a diversos organismos, entre eles, á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica e á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, e á Dirección Xeral de Defensa do Monte, á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal e á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, dependentes da Consellería do Medio Rural.

Trala finalización do prazo de consulta (envío de suxestións), nestes momentos continúaase coa tramitación prevista por Lei na que se velará, coma sempre, por dar as máximas garantías medioambientais a todas as partes implicadas. Cómpre indicar que ata o momento aínda non consta a emisión de tódolos informes solicitados, pero unha vez se complete a recompilación resolverase o expediente (incluída a DIA que será emitida polo órgano ambiental).

Polo tanto, con este proxecto estanse a seguir os trámites habituais: declaración de PIE e, agora, tramitación do expediente, formada por unha serie de fitos, entre os que se atopa a declaración de impacto ambiental. Insístese na idea de que a declaración como PIE non presupón o resultado final da tramitación ambiental do dito proxecto, que será a que determine se o proxecto é viable ou non.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Ademais, é preciso indicar que Augas de Galicia, a través do Programa (Plan) de Control de Vertidos (PCV) e da gardería fluvial, realiza un labor continuo de control sobre os ríos e regatos mencionados buscando a melloría das masas de auga afectadas.

Asemade, o labor de policía e sancionadora motivaron a instalación dunha planta de tratamento sobre os afluentes desas actividades e a restauración dos espazos degradados.

En calquera caso, tamén cómpre indicar que o cobre está declarado pola Unión Europea como materia prima fundamental e tamén estratéxica, segundo establece o Regulamento 2024/1252 do Parlamento Europeo e do Consello, aprobado en abril de 2024.

Galicia conta con recursos naturais minerais de enorme valor, como o cobre, cuxos usos e propiedades fan del un mineral cunha enorme aplicabilidade. Por exemplo, na industria eléctrica, na construción, na industria automotriz, no transporte, na industria química e mesmo na industria alimentaria, entre outras moitas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31627
Data envío: 19/08/2025 16:56:55,450

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:56:55

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 18336**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros deputados e deputadas, sobre **"o atraso na xestión das axudas do IGAPE pola Xunta de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia é plenamente consciente dos retos asociados á xestión dun volume crecente de convocatorias, especialmente nun momento no que, por primeira vez, se puxo en marcha un paquete anticipado de axudas cunha mobilización superior aos 186 millóns de euros.

A concentración en xaneiro de 15 liñas de axuda, ás que se engadiron outras catro durante o primeiro trimestre, responde a unha nova estratexia de planificación que busca facilitar ás empresas unha visión conxunta, anticipada e accesible dos recursos dispoñibles. Esta transformación estrutural do modelo tradicional supuxo un esforzo técnico e organizativo sen precedentes, no que se identificaron tamén aspectos mellorables.

Neste sentido, é certo que se produciron incidencias técnicas no acceso á sede electrónica durante a primeira xornada de apertura das convocatorias. Estas incidencias foron recoñecidas publicamente, comunicadas a través das canles oficiais e motivaron a anulación do proceso e a súa reprogramación, para garantir a igualdade de acceso e a seguridade xurídica.

Cómpre salientar que esta decisión —lonxe de supoñer unha falla de transparencia— constitúe unha mostra de responsabilidade institucional e de protección dos dereitos das empresas solicitantes.

En paralelo, o IGAPE está a reforzar os mecanismos de trazabilidade e xustificación técnica das convocatorias -en liña coas exigencias da normativa europea-, co obxectivo de garantir o máximo rigor, especialmente no contexto de xestión de fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

No marco desta aposta por mellorar a eficacia administrativa, a Xunta está a avanzar na interoperabilidade das plataformas, no reforzo da atención ás empresas e no desenvolvemento dun novo sistema de xestión integral das axudas que será implantado de maneira progresiva".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:56:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31624
Data envío: 19/08/2025 16:56:35.702

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 18552**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores, dona Iria Carreira Pazos, dona Ariadna Fernández González, don Iago Suárez e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as limitacións asistenciais do centro Os Mecos-BATA, de Vilagarcía de Arousa, que presta a tención a persoas con trastorno autista, e as alternativas que ofrece a Xunta de Galicia para ampliar esta atención máis alá dos 21 anos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia ten o compromiso irrenunciable de facer posible que todas as persoas teñen as mesmas oportunidades, un reto máis necesario que nunca cando falamos das persoas con discapacidade e das persoas con algún trastorno do espectro autista.

Neste sentido, o Goberno galego está a investir máis que nunca para poñer en marcha cada vez máis servizos destinados ás persoas con TEA. Máis recursos e con enfoques novos para prestar unha atención de calidade e adecuada a cada tipo de discapacidade.

Hai tan só unhas semanas presentouse en Friol un dos proxectos estrela da Consellería de Política Social e Igualdade este ano: a posta en marcha, en colaboración con Aspanaes, dunha residencia pioneira en España destinada a persoas con autismo, para axudalos a desenvolver vidas independentes e autónomas. Un proxecto no que a Xunta vai investir 4M€ e que vai supoñer un antes e un despois na forma de ver e de enfocar a atención ao autismo e que conta co visto e prace de profesionais tan reputados como o profesor Ángel Carracedo.

Unha aposta firme polas persoas con autismo que non se queda aí.

Na actualidade, a Xunta financia 267 prazas para persoas con autismo por toda Galicia, unha cifra que crece e que seguirá crescendo cada ano:

En setembro de 2024, inaugurábase cunha entidade social, Raiolas, un centro de día para persoas con TEA na cidade de Lugo, con 10 prazas públicas (15 prazas autorizadas, 10 financiadas pola Xunta).

Este mesmo ano, puxemos en marcha o centro de atención á discapacidade de Ourense, que conta con 20 prazas de residencia específicas para persoas con trastornos do espectro autista.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Unha cifra que segue crescendo co incremento de máis prazas públicas en centros de entidades sociais da propia provincia de Pontevedra (Menela en Nigrán, Apacaf en Moraña e en Bata).

A esta aposta polo incremento de prazas súmase tamén o investimento da Xunta en mellorar instalacións de entidades sociais como as da Asociación Bata en Vilagarcía, onde vimos de investir máis de 100.000€ para a adquisición dun inmovible que adaptarán como vivenda tutelada para poder ofrecer máis prazas das que teñen actualmente. Ou os máis de 130.000€ que destinamos a entidades como Menela para equipar e mellorar as instalacións dos seus centros, tamén na provincia de Pontevedra. E tamén os máis de 100.000€ que destinamos á reforma dun centro de Aspanaes ou os máis de 100.000€ que destinamos á Asociación Asperga para que adquiran un novo local, estes na provincia da Coruña.

A isto súmanse os numerosos programas destinados ás persoas con TEA cos que colaboramos anualmente: iniciativas de promoción da autonomía, de detección de trastornos no desenvolvemento, de envellecemento activo ou de respiro familiar. Programas de asociacións de autismo repartidas por toda a Comunidade e nos que investimos 500.000€ (IRPF).

Polo tanto a Xunta de Galicia non só destina recursos aos trastornos do espectro autista, senón que busca innovar, da man das entidades sociais, para ofrecer cada vez máis e mellores servizos, adaptados ás necesidades de cada persoa.

No relativo ao caso destas familias de Vilagarcía, a Xunta sempre estivo en contacto permanente con elas, mantendo reunións coas familias e tamén coa Asociación Bata".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:56:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31621
Data envío: 19/08/2025 16:56:17.519

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 18581**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Nicole Grueira Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"as medidas que prevé por en marcha o Goberno galego en materia de acceso á vivenda, especialmente as dirixidas á mocidade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia ten un compromiso firme coa mocidade no acceso á vivenda, con instrumentos que contribúan á súa emancipación real.

O obxectivo desta Lexislatura é duplicar o parque de vivenda pública ata alcanzar as 8.000 unidades. Dentro deste plan, polo menos o 40% das novas vivendas en alugueiro estarán reservadas para menores de 36 anos, así como un 25% das vivendas en venda.

Para facilitar o acceso á vivenda en réxime de alugueiro e compra, a Xunta asignou o 100% das axudas da convocatoria 2024-2025 do Plan de Vivenda, cun financiamento de 20 millóns de euros (10 millóns de fondos da comunidade). Ademais, xestionou con dilixencia o Bono Alugueiro Mozo, onde antes de rematar o prazo xa se comunicaran as primeiras concesións.

A compra de vivenda tamén recibe apoio directo, con 3,8 millóns de euros en axudas para adquisicións por mozos en concellos pequenos, centros históricos ou vivendas de protección autonómica. Ademais, desde 2023, o programa de avais facilitou a concesión de 4 millóns de euros para que os mozos poidan acceder a unha hipoteca cubrindo o 20% do custo da vivenda. Na última convocatoria chegaronse aos 5 millóns.

A Xunta tamén promove rebaixas fiscais para menores de 36 anos, reducindo os impostos sobre a compra de vivenda habitual ata un 0,5% en actos xurídicos documentados e baixando o imposto de transmisións patrimoniais do 8% ao 3%, e mesmo ao 0% en zonas pouco poboadas.

O Goberno galego está tamén a crear de edificios de aloxamentos compartidos, comezando en Santiago de Compostela, Lugo e Vigo. Esta medida busca proporcionar un fogar temporal, cunha estancia máxima de tres anos, para facilitar o acceso dos mozos á vivenda.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A Xunta tamén aposta pola rehabilitación de inmobles a través do programa Rexurbe, adquirindo e restaurando edificios en centros históricos para ofrecer vivendas a prezos accesibles.

A colaboración cos concellos permitirá recibir terreos urbanos consolidados para a construción de vivenda pública en diferentes concellos. Ademais, estase a desenvolver solo para 25.000 novas vivendas nos próximos anos, con sete PIAS licitados e dous en tramitación.

Parte da solución para a mocidade debe pasar ineludiblemente por incrementar e mobilizar o actual parque de vivenda. Como está a facer a Xunta con estas e outras medidas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 14:00:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31306
Data envío: 18/08/2025 14:00:41.956

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 18758**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e don Xosé Manuel Golpe Acuña, sobre **"as repercusións do proxecto mineiro Carballeira número 7199 no territorio e no sector primario dos concellos de Boimorto e Mesía"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Actualmente atópase en tramitación o permiso de investigación (PI) Carballeira número 7199 para recursos da sección C) promovido pola sociedade Explotación de Rocas Industriales y Minerales, S.A. (Erimsa).

A solicitude, de 19 cuadrículas mineiras para recursos da sección C) (cuarzo metalúrxico), situadas nos concellos de Boimorto e Mesía (A Coruña), foi sometida a información pública por acordo do Departamento Territorial da Coruña do 4 de outubro de 2024 (DOG do 05/11/2024).

Na tramitación solicitáronse informes (04/06/2024) sobre o permiso de investigación aos seguintes organismos:

- Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.
- Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.
- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Dirección Xeral do Patrimonio Natural.
- Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.
- Instituto de Estudos do Territorio.
- Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.
- Augas de Galicia.
- Concello de Boimorto.
- Concello de Mesía.

A día de hoxe aínda non consta a contestación de todos os organismos consultados.

En calquera caso, si cómpre indicar que durante o período de información pública recibíronse dúas alegacións, as cales foron enviadas ao promotor que deu contestación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Ademais, é importante sinalar que a obriga da Administración é tramitar a solicitude, procurando unha tramitación garantista, onde se pediron informes a todos os organismos afectados, con especial fincapé á hora de valorar a compatibilidade con explotación agrarias ou gandeiras.

Hai que recordar, de tódolos xeitos, que un permiso de investigación permite a realización unicamente de labores de investigación na superficie outorgada. En ningún caso supón a explotación, xa que un permiso de investigación soamente habilita para a realización de investigación do subsolo mediante técnicas específicas como sondaxes ou calicatas, que deben ser restauradas inmediatamente despois da súa realización.

Unha vez finalizados os labores de investigación o promotor pode solicitar (ou non, en función das reservas atopadas na fase de investigación) un pase a concesión, para o que deberá presentar un proxecto de explotación, un proxecto de restauración e un estudo de impacto ambiental que serán sometidos á tramitación correspondente, incluída a ambiental”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 14:00:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31304
Data envío: 18/08/2025 14:00:30.765

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 18839**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, don Luis Bará Torres e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"o número de expedientes e o seu resultado incoados no Centro de Menores Avelino Montero, de Vigo, entre 2016 e 2017 e a eventual existencia dalgún traballador apartado do centro polo seu trato a unha menor"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Para poder responder a esta pregunta, debe concretarse que tipo de expediente se está a solicitar, dado que a Xunta de Galicia tramita distintos tipos de expedientes nos seus centros, como por exemplo expedientes de contratación, expedientes de reforma, expedientes de protección, etc.

En todo caso, convén advertir de que os expedientes de reforma -ou calquera outros nos que forme parte unha persoa menor de idade- correspondentes a persoas internadas en centros de reeducación, como é o centro Avelino Montero de Pontevedra, están suxeitos a unha especial confidencialidade e protección, tal como establece a Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, de responsabilidade penal dos menores, que no seu artigo 48 restrinxe de forma explícita o acceso a estes expedientes".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:40:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31618
Data envío: 19/08/2025 16:40:28.836

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 18869**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Lara Méndez López e dona Paloma Castro Rey, sobre **“os compromisos que pensa adoptar o Goberno galego verbo da participación pública temperá e da transparencia no proceso de elaboración do Plan sectorial eólico de Galicia”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O Plan Sectorial Eólico articularase en base ao recurso eólico e as posibilidades de evacuar enerxía, e tendo en conta as necesidades próximas de consumo. Non obstante, un maior desenvolvemento enerxético, tal e como está articulado o plan da Xunta de Galicia grazas á Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia e ao previsto no PSEG, permitirá que a cidadanía desfrute de prezos enerxéticos máis baixos.

Asemade, a tramitación dun plan sectorial xa prevé procesos de información pública. Pero é que ademais, tal e como se anunciou o 20.01.2025 no Consello da Xunta, está prevista:

- A creación dunha mesa de traballo co sector eólico, para ir avanzando naquilo no que se debe contar co sector para o seu contido. Sería coas asociacións e os promotores, que, a través das asociacións, queiran pedir participar.
- E a creación dun Grupo de traballo no seo do Diálogo Social, adscrito á Mesa de Economía e Industria.

Ademais, o plan sectorial xa establece unhas regras mínimas respecto dos proxectos eólicos, polo que non ten sentido pedir que para cada proxecto se estableza un diálogo entre promotor e cidadanía. Iso faría inviables, na práctica, os proxectos. Xa a normativa actual establece unha tramitación garantista con participación pública durante a tramitación ambiental obrigatoria, e con coñecemento dos informes sectoriais.

Por outra parte, o PSEG debe articularse partindo das zonas xeográficas con mellor recurso, e a partir de aí si ter especial visión naquelas zonas con menor desenvolvemento. Ademais, a cohesión social e territorial é precisamente unha das máximas da lei de recursos naturais”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:40:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31616
Data envío: 19/08/2025 16:40:15.021

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 18877**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Lara Méndez López e dona Paloma Castro Rey, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da promoción de axudas, medidas de fomento e regulación dos procesos na repotenciación obrigatoria de parques eólicos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"No proceso de descarbonización e transición enerxética, o abandono dos combustibles fósiles e a aposta polas enerxías renovables resulta fundamental.

No eido da xeración de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables, Galicia é unha potencia grazas á enerxía eólica e á enerxía hidroeléctrica.

Non obstante, o feito de ser un territorio pioneiro na instalación de parques eólicos motivou un importante desenvolvemento do sector nun primeiro momento, pero que tamén supón:

- Que as zonas con mellor recurso eólico xa están ocupadas.
 - Que estas zonas teñen parques antigos que non resultan os máis eficientes a día de hoxe.
 - E que moitos parques estean próximos ao fin da súa vida útil.
- Así, a modo resumo, estableceuse, a través dunha modificación legislativa na lei de medidas, a obriga de repotenciar os parques dunha determinada antigüidade co fin de:
- Aumentar a seguridade industrial das instalacións.
 - Conseguir unha maior produción de enerxía coa mesma potencia instalada grazas ás novas tecnoloxías.
 - Reducir significativamente o número de aeroxeradores no territorio.
 - E todo iso, no novo marco enerxético definido pola lei de recursos naturais.

Grazas a esta medida, garántese a viabilidade técnica ou económica da actuación xa que, excepcionalmente, de ser necesario, o promotor pode solicitar de forma xustificada uns prazos superiores de inicio ou de execución das obras, xustificación que sería analizada pola Administración para a súa eventual validación.

Pero é que ademais, con carácter xeral, a obriga suporá a diminución do número de aeroxeradores por ter unha maior potencia. Non obstante, haberá casos nos que esa redución non se poida facer xa que suporía unha maior afección ambiental por incrementar os viarios de acceso ou outros motivos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Deste xeito, a repotenciación:

- Reducirá o impacto no territorio e no medio ambiente dos parques eólicos.
- Procurarase unha redución á cuarta parte dos aeroxeradores existentes, salvo que as condicións e valores ambientais do emprazamento desaconsellen a instalación de aeroxeradores do tamaño que permita alcanzar a devandita porcentaxe.
- Terá que axustarse ao disposto na Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.
- Aumentará a produción entre o 20 e un 40% con respecto á produción actual. Se os investimentos anteriores xa foron rendibles, estas o serán aínda máis. Precisamente, esta cuestión é fundamental para considerar que os promotores enerxéticos non precisen de axudas para a repotenciación dos parques, de tal xeito que o Goberno galego poderá destinar estas contías para outras actuacións que se consideren máis necesarias.

Ademais, non se pode obviar que a repotenciación impulsará toda a cadea de valor, e aí a Xunta de Galicia tamén colaborará para fomentar unha industria derivada da reciclaxe das pas.

Por último, cómpre ter en conta que durante a tramitación do novo plan sectorial eólico, no cal abordarase tamén as repotenciacións, xa se prevé:

- A creación dunha mesa de traballo co sector eólico, para ir avanzando naquilo no que se debe contar co sector para o seu contido. Sería coas asociacións e os promotores, que, a través das asociacións, queiran pedir participar.
- E a creación dun Grupo de traballo no seo do Diálogo Social, adscrito á Mesa de Economía e Industria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:32:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31460
Data envío: 18/08/2025 19:32:35.931

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 18944**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, dona Olalla Rodil Fernández e don Xosé Manuel Golpe Acuña, sobre **"a calidade dos servizos prestados na residencia de maiores de Caranza, en Ferrol, os seus problemas laborais e a situación das condicións das instalacións do devandito centro"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A conselleira de Política Social e Igualdade deu resposta a unha pregunta oral con número de rexistro 18945, sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario, en sesión plenaria do 21/05/2025.

Pódese acceder á súa resposta na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YWM0ODZiNTEtNTE3MS00MTk0LTkxNjAtY2IzYjQ5MjM0NTlh&start=11920>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
19/08/2025 16:39:53

109825



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:39:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31614
Data envío: 19/08/2025 16:39:56.804

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19111**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, dona Ariadna Fernández González e don Xosé Manuel Golpe Acuña, sobre **"a oferta de prazas nas escolas infantís Galiña Azul na comarca de Ferrol e os problemas para soste o modelo pedagóxico desta rede"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia dispón dunha das mellores redes de escolas infantís 0-3 de España, con máis de 32.000 prazas que permiten dar resposta á demanda de prazas nunha etapa educativa que é totalmente voluntaria, e que non é financiada polo Goberno. Ademais, son unhas escolas moi accesibles grazas ao programa de gratuidade implantado pola Xunta de Galicia, medida pioneira en España que a Xunta comezou a desenvolver no curso 2019-2020 e que lles permite ás familias pagar 0 euros pola matrícula e a atención educativa dos seus fillos, cun aforro medio por familia de preto de 3.000 euros cada curso escolar.

A Xunta de Galicia destina este ano 2025 máis de 65 millóns de euros ao programa de gratuidade: é dicir, as familias galegas aforran 65 millóns ao levar aos seus fillos a unha escola infantil. A dotación orzamentaria deste programa é asumida en solitario pola Xunta de Galicia, dado que a contribución do Goberno central a este programa é de 0 euros.

A principal consecuencia da aplicación deste programa é o aumento das taxas de escolarización na etapa 0-3, ata acadar cifras históricas sen precedentes en Galicia. Como xa ten informado o Goberno galego no Parlamento, Galicia é a comunidade de España coa maior taxa neta de matriculación no 1º ciclo de Educación infantil.

En concreto, Galicia é líder absoluta en España, cunha taxa de escolaridade preto do 65% no 1º ciclo de Educación Infantil e que supera en 15 puntos a media española. Isto supón que Galicia é a comunidade autónoma onde máis familias poden acceder a unha praza nunha escola infantil. Ademais, con estes datos, Galicia xa está a cumprir sobradamente os obxectivos que marca a Unión Europea para o ano 2030.

En canto as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia na comarca de Ferrol, o Goberno galego seguirá apostando firmemente pola implantación do programa de gratuidade na etapa 0-3, cun investimento nesta comarca que superará este ano os 5,5 millóns de euros -financiados exclusivamente polo Goberno galego- para financiar as 1722 prazas 0-3 gratuítas para as familias que están autorizadas pola Xunta de Galicia nesa comarca.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A maiores a Xunta de Galicia a través dos fondos europeos Next Generation do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, publicou sucesivas convocatorias de subvencións para construción ou ampliación de escola infantís 0-3 destinadas a aqueles concellos que consideraran necesario incrementar prazas públicas nos seus municipios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:39:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31613
Data envío: 19/08/2025 16:39:50.044

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19132**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila e dona Ariadna Fernández González, sobre **"as necesidades de prazas públicas de escolas infantís de 0 a 3 anos na comarca do Condado e as actuacións previstas polo Goberno galego para mellorar no vindeiro curso a súa oferta nesta zona"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia dispón dunha das mellores redes de escolas infantís 0-3 de España, con máis de 32.000 prazas que permiten dar resposta á demanda de prazas nunha etapa educativa que é totalmente voluntaria, e que non é financiada polo Goberno. Ademais, son unhas escolas moi accesibles grazas ao programa de gratuidade implantado pola Xunta de Galicia, medida pioneira en España que a Xunta comezou a desenvolver no curso 2019-2020 e que lles permite ás familias pagar 0 euros pola matrícula e a atención educativa dos seus fillos, cun aforro medio por familia de preto de 3.000 euros cada curso escolar.

A Xunta de Galicia destina este ano 2025 máis de 65 millóns de euros ao programa de gratuidade: é dicir, as familias galegas aforran 65 millóns ao levar aos seus fillos a unha escola infantil. A dotación orzamentaria deste programa é asumida en solitario pola Xunta de Galicia, dado que a contribución do Goberno central a este programa é de 0 euros.

A principal consecuencia da aplicación deste programa é o aumento das taxas de escolarización na etapa 0-3, ata acadar cifras históricas sen precedentes en Galicia. Como xa ten informado o Goberno galego no Parlamento, Galicia é a comunidade de España coa maior taxa neta de matriculación no 1º ciclo de Educación infantil.

En concreto, Galicia é líder absoluta en España, cunha taxa de escolaridade preto do 65% no 1º ciclo de Educación Infantil e que supera en 15 puntos a media española. Isto supón que Galicia é a comunidade autónoma onde máis familias poden acceder a unha praza nunha escola infantil. Ademais, con estes datos, Galicia xa está a cumprir sobradamente os obxectivos que marca a Unión Europea para o ano 2030.

En canto as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia na comarca do Condado, o Goberno galego seguirá apostando firmemente pola implantación do programa de gratuidade na etapa 0-3, cun investimento nesta comarca que superará este ano os 2,7 millóns de euros -financiados exclusivamente polo Goberno galego- para financiar as 823 prazas 0-3 gratuítas para as familias que están autorizadas pola Xunta de Galicia nesa comarca.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A maiores nesa comarca, os concellos de Porriño e Ponteareas teñen promovido a construción de 3 novas escolas infantís financiadas en parte pola Xunta de Galicia a través dos fondos europeos Next Generation do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, o que tamén puideron facer outros concellos desa comarca de considerar necesario incremento de prazas públicas no seu municipio”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:39:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31611
Data envío: 19/08/2025 16:39:37.191

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19225**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, dona Olalla Rodil Fernández e dona Iria Carreira Pazos, sobre **"a avaliación do funcionamento dos centros de crise 24 horas e a súa eventual integración no sistema público de saúde e no de política social"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia puxo en funcionamento o pasado mes de decembro, cinco centros de crises, un máis dos que marca a normativa, que establece un por provincia, co obxecto de atender ás vítimas de delitos sexuais e por extensión, de violencia de xénero. Están situados dentro das áreas hospitalarias de Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo.

Estes centros de crise darán apoio psicolóxico, xurídico e social ás vítimas, familiares e persoas da súa contorna. De aí a decisión de situalos dentro das áreas sanitarias. Ademais, incluírán acompañamento e información tanto telefónica como presencial as 24 horas do día e todos os días do ano.

Cada centro de crise está formado por un equipo de profesionais multidisciplinar formado por psicólogos, traballadores sociais, auxiliares para atención xeral e asesores xurídicos.

Os espazos onde se localizan os centros de crises son de propiedade da Xunta de Galicia e a cualificación do persoal, e os requisitos da súa capacitación técnica, son exixidos e validados pola Goberno Autonómico.

Por outra banda, os centros de crises funcionan baixo un protocolo de actuación, norma que foi creada e validada pola Xunta de Galicia.

O servizo de atención préstase de forma moi escrupulosa atendendo sempre ao máximo interese da vítima, a súa necesidade, coa intimidade e respecto que se merece o episodio denunciado o posto de manifesto, e sempre baixo os protocolos da Xunta de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:39:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31609
Data envío: 19/08/2025 16:39:24.160

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19254**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante o financiamento dos puntos de atención á infancia (PAI), que prestan servizos de conciliación de 0 a 3 anos en concellos de carácter rural"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia ten posto en marcha o programa de gratuidade nas escolas infantís 0-3, o que supón un esforzo financeiro moi importante dado que neste ano 2025 destínanse a este programa arredor de 65 millóns de euros, a través dunha dotación orzamentaria de fondos propios da Comunidade Autónoma sen recibir financiamento do Goberno central.

Desde a Xunta de Galicia refórzase a aposta estratéxica por facilitar o acceso das familias ao primeiro ciclo de Educación Infantil, algo que está a ser moi ben recibido polas propias familias. Precisamente, grazas a este programa, Galicia é a comunidade de referencia en escolarización 0-3 en España, tal como vén de recoñecer o Goberno central nas súas últimas estatísticas. Os datos oficiais confirman esa posición de liderado de Galicia: as ratios de escolarización na Comunidade Autónoma son actualmente 12 puntos mellores que a media española.

Isto demostra que o número de prazas financiadas con fondos públicos a disposición das familias galegas é elevado en comparación coa media española e o resto de comunidades autónomas.

Por esta razón, a Xunta de Galicia continúa reclamando que o Goberno central achegue financiamento ás comunidades autónomas para establecer esta gratuidade, que no caso de Galicia está a disposición de máis de 32.000 familias. Ademais, como xa ten insistido o Goberno galego en diversas ocasións en sede parlamentaria, trátase dun esforzo compartido nas escolas municipais cos concellos, titulares destes centros.

A Xunta de Galicia neste ano 2025 destina 8,5 millóns de euros ao financiamento das escolas infantís 0-3 de titularidade municipal, incluíndo neste apartado os Puntos de Atención á Infancia (PAI), un recurso ideado para aquelas zonas de Galicia onde o número de nenos e nenas non abonda para dispoñer dunha escola infantil, de tal forma que se permite nunha única aula a permanencia de alumnado de entre 0 e 3 anos. Neste sentido, é falso que existe desigualdade entre o financiamento dos Puntos de Atención á Infancia e o das escolas infantís municipais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Non obstante, e tal como se lle trasladado en diversas ocasións desde a Consellería de Política Social e Igualdade á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), no caso de que o Goberno central destine financiamento ás comunidades autónomas para financiar a rede de prazas 0-3 xa existente, a Xunta de Galicia aumentará o financiamento destinado aos concellos con escola infantil municipal, o que tamén repercutiría nos concellos que dispoñen de PAI. Pero a realidade é que, no momento de elaboración desta resposta parlamentaria, o Goberno central destina 0 euros ao mantemento das escolas infantís que xa están en funcionamento en Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:39:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31607
Data envío: 19/08/2025 16:39:11.317

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19266**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante as demandas do Concello de Petín referidas á construción dunha residencia de maiores no devandito municipio"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar asinou un acordo marco coa FEGAMP en marzo de 2022 a través do cal puxo a disposición dos concellos galegos un Plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais de titularidade municipal, dotado con 18,5M€ procedentes dos fondos europeos do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (programa Next Generation UE). Tratábase de financiar actuacións para promover residencias, fogares residenciais, centros de día ou outros centros sociais.

Conforme ao establecido no acordo asinado, constituíuse unha comisión mixta entre o Consorcio e a Fegamp para a selección dos proxectos presentados, conforme aos criterios establecidos no propio acordo:

- 1.- Concellos de menos de 20.000 habitantes entre os que terán prioridade os de menor poboación.
- 2.- Concellos que carezan doutros recursos das mesmas categorías.
- 3.- Viabilidade técnica e económica para a posta en funcionamento dos centros.

O Concello de Petín presentou un proxecto para construír unha residencia, pero non completou a documentación requirida pola comisión de selección para avaliar a viabilidade técnica e económica da actuación, motivo polo cal se considerou desistido da súa solicitude.

É importante deixar claro que, de haber completado todos os requirimentos é xustificar a viabilidade económica do proxecto presentado no relativo ao cofinanciamento da actuación na parte non financiada polo plan, houbera sido seleccionado, toda vez que tería prioridade respecto a outros concellos seleccionados, tendo en conta a poboación dese concello, conforme ao criterio 1 de selección antes sinalado".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:38:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31605
Data envío: 19/08/2025 16:38:56.668

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19275**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e don Xosé Manuel Golpe Acuña, sobre **"a calidade da subministración de enerxía eléctrica no concello de Cerdedo-Cotobade e as actuacións que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia para trasladar á compañía distribuidora as carencias existentes nas infraestruturas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Durante o mes de xaneiro de 2025, e particularmente entre o 20 e o 30 de xaneiro, aconteceron varios episodios de alertas meteorolóxicas, con niveis vermellos e laranxas, co paso das borrascas Herminia e Ivo, que comprenderon fortes rachas de ventos e de precipitacións. Por iso, durante os días 27 e 28 de xaneiro de 2025 tiveron lugar eventos nas redes de distribución de enerxía eléctrica que provocaron cortes en máis de 15.000 puntos de subministración distribuídos nun total de 45 concellos da provincia de Pontevedra.

Conforme á regulamentación do sector eléctrico, este tipo de eventos cualifícanse como causas de forza maior e as súas consecuencias non se consideran incumprimentos dos niveis de calidade que se lles exige ás empresas distribuidoras.

Polo que, sen ter en conta esas interrupcións provocadas por forza maior, a calidade de servizo exixible polas persoas consumidoras e os órganos da Administración ás empresas distribuidoras configúrase pola continuidade do subministración, medida polo número e duración das interrupcións, pola calidade do produto, baseada nas características da onda de tensión, e pola calidade na atención e relación coas persoas consumidoras.

A distribución de enerxía eléctrica nas condicións adecuadas de calidade constitúe unha obriga legal das distribuidoras, polo que a normativa establece consecuencias do incumprimento da calidade do servizo individual, como a adopción pola distribuidora das medidas correspondentes para emendar, no prazo máximo de seis meses, as causas que motiven a deficiente calidade do produto, ou descontos na facturación das persoas consumidoras nas que se incumpran os niveis exixidos de continuidade na subministración.

A Administración poderá abrir expedientes informativos ou sancionadores por falta de calidade e ten competencias para resolver sobre as discrepancias entre a distribuidora e as persoas consumidoras sobre o cumprimento da calidade individual.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Os mecanismos principais da Administración para coñecer os feitos e a existencia de incumprimentos da calidade de servizo, son as denuncias e reclamacións, así como as inspeccións das infraestruturas. Tras revisar todas as denuncias e reclamacións en materia de enerxía eléctrica, para as que existe un procedemento cun formulario específico codificado na sede electrónica da Xunta de Galicia co código IN635A, non constan nin denuncias, nin reclamacións por falta de calidade na subministración, irregularidades da rede ou cortes en ningún punto do Concello de Cerdedo-Cotobade nos últimos anos. Tampouco existen inspeccións negativas nas instalacións de distribución situadas nese Concello.

En canto aos investimentos nas infraestruturas de distribución de enerxía eléctrica no Concello de Cerdedo-Cotobade, durante o período do 2025-2028, prevense executar as seguintes actuacións, coa finalidade de mellorar a calidade da subministración:

- Dúas actuacións na rede de baixa tensión subterránea no lugar de Famelga
- Ampliación da rede de baixa tensión subterránea entre os lugares de Trabazo e Paraños
- Mellora e repotenciación da rede de baixa tensión no lugar do Batán
- Reforma do centro de medida na Xesteira
- Mellora dos elementos de manobra na rede de media tensión aérea en Carballedo.
- Ampliación da rede de media tensión subterránea e dun centro de transformación en Famelga.
- Instalación de elementos de fiabilidade (reconectador-seccionador telecontrolado) na liña de media tensión aérea.
- Novo transformador e blindaxe da subestación de 66 kV de San Jorge.
- Nova liña de alta tensión desde a subestación de San Jorge á subestación de Tibo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 13:57:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 13:57:32
Nº Rexistro: 31302
Data envío: 18/08/2025 13:57:32.288

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19279**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a materialización dos dereitos en materia de igualdade e a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de crear e regular por lei unha valedoría como autoridade independente de defensa cidadá neste ámbito"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O BNG solicita unha Valedoría das mulleres con capacidade para sancionar administrativamente ás empresas que cometan discriminación por cuestión de xénero, que xa existe en Galicia.

Na Lei 7/2023 de 30 de novembro para a Igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia, no seu título VIII, artigo 181 xa fala do Valedor do pobo ao que se lle asigna a competencia para "velar pola igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes e pola erradicación da discriminación por razón de sexo".

Por outro lado, ademais dos correspondentes órganos de inspección, Galicia conta cunha Valedoría do pobo que é un órgano independente que vela pola defensa dos dereitos e liberdades de toda a cidadanía, tamén nestas cuestións.

De feito son moitas as ocasións nas que a Valedora do Pobo ten amosado o seu rotundo compromiso coa consecución real e efectiva entre homes e mulleres en todos os eidos da sociedade, algo que aparece ben sinalado, por exemplo, no seu informe anual".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:38:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31603
Data envío: 19/08/2025 16:38:43,568

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19303**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a repercusión dos baleirados dos encoros nos bancos marisqueiros das rías, singularmente na ría de Muros e Noia, a necesidade de establecer un protocolo e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 4 de marzo de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 16224.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OGUwYTg3YmYtOTFhMy00NDNkLTg0M2UtYjhiZThkMDVkJm&start=5485.889>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a xestión dos encoros das bacías hidrográficas de competencia autonómica co fin de controlar o impacto do seu baleirado na salinidade das augas das rías e a consideración por parte da Xunta de Galicia da posibilidade de realizar estudos nesta materia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 19:20:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31962
Data envío: 21/08/2025 19:20:32.158

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19400**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Oscar Insua Lema, sobre **"a carencia dunha relación de postos de traballo na Administración de xustiza en Galicia e as actuacións realizadas polo Goberno galego co obxectivo de contar con este instrumento de planificación neste ámbito"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A relación de postos de traballo é un instrumento útil na xestión dos recursos humanos, pero non é un instrumento imprescindible.

A Administración de Xustiza en Galicia conta cunha relación de postos de traballo aprobadas para Fiscalía e IMELGA. A este respecto tanto nos eidos onde non se dispón deste instrumento como nos que si, o persoal funcionario dispón das mesmas condicións de mobilidade ou retributivas.

Na actualidade, tras a aprobación da Lei 1/2025, estase a traballar nas relacións de postos de traballo das Oficinas Xudiciais, das Oficinas de Xustiza do Municipio e das Oficinas xerais do Rexistro Civil.

Todas as medidas de reforzo autorizadas neste momento obedecen a necesidades conxunturais e suman 54 reforzos en total en 37 unidades xudiciais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:28:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:28:21
Nº Rexistro: 31787
Data envío: 20/08/2025 12:28:21.373

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19439**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **"as medidas de apoio que debe impulsar o Goberno galego en relación ás familias monoparentais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia foi das primeiras comunidades autónomas de España en aprobar un recoñecemento específico e con carácter oficial para acreditar a condición de familia monoparental, e a Xunta de Galicia leva tramitando máis dunha década estes recoñecementos para que as familias monoparentais desta Comunidade Autónoma poidan acceder a diversos beneficios e vantaxes. A día de hoxe, hai administracións autonómicas que aínda carecen do recoñecemento oficial ás familias monoparentais que Galicia leva acreditando desde a entrada en vigor da Lei 3/2011.

Loxicamente, este recoñecemento só ten validez en Galicia por ser unha iniciativa da Xunta de Galicia, xa que a día de hoxe non existe un título con validez estatal como si existe noutros ámbitos, pese as reiteradas promesas e anuncios do Goberno central sobre esta cuestión.

As familias galegas que obteñan o certificado de Familia Monoparental da Xunta de Galicia poderán acceder a beneficios por parte das administracións públicas. No caso dos relativos á Xunta de Galicia, algúns destes beneficios son a protección preferente no acceso á vivenda de protección autonómica; o acceso a programas específicos de apoio ás familias monoparentais; a preferencia no acceso en todas as quendas no programa de Vacacións Familiares da Xunta nas Residencias de Tempo Libre; a bonificación dos prezos para a campaña de verán nos campamentos xuvenís organizados pola Xunta de Galicia; a preferencia na adxudicación de prazas para mozos e mozas nas residencias xuvenís dependentes da Xunta de Galicia.

No eido educativo, as familias que dispoñen do certificado da Xunta de Galicia acceden a beneficios e vantaxes como a puntuación adicional no baremo para a adxudicación de prazas nas escolas infantís públicas de 0 a 3 anos; a redución dun 20% nas tarifas de comedor nas escolas infantís públicas de 0 a 3 anos; a puntuación adicional na admisión de alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, ou a puntuación adicional no baremo para o acceso ao servizo de casas niño subvencionado pola Xunta de Galicia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Ademais, no eido da inclusión, a consideración de monoparentalidade tense en conta no acceso á Renda de Inclusión de Galicia (Risga) e ás axudas de inclusión social.

En todo caso, e como vén avisando a Xunta de Galicia desde hai anos, a situación das familias monoparentais en Galicia está afectada polas importantes demoras na tramitación do proxecto de Lei Estatal de Familias, que o Goberno central impulsou sen ter en conta ás comunidades autónomas pese a invadir claramente competencias que viñan exercendo as propias administracións autonómicas.

Neste sentido, como xa ten explicado en numerosas ocasións a Xunta de Galicia en sede parlamentaria, o proxecto de lei estatal aborda a condición de familia monoparental que será de obrigada aplicación en toda España, e a actual redacción do proxecto de lei provocará que centos de familias monoparentais en Galicia deixen de ter a condición que na actualidade si lles outorga o recoñecemento emitido pola Xunta de Galicia.

A realidade é que o anteproxecto de Lei de Familias foi aprobado polo Consello de Ministros no ano 2022, pero a situación a día de hoxe é que este Proxecto de Lei permanece bloqueado no Congreso dos Deputados, onde a Mesa do Congreso xa leva aprobadas máis de 50 prórrogas do prazo de emendas á totalidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:38:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31601
Data envío: 19/08/2025 16:38:29.738

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19450**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, dona Montserrat Prado Cores e dona Iria Carreira Pazos, sobre **"a avaliación do impacto ambiental, económico e social que supoñería a reapertura da mina de Touro"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O día 24.06.2024, o Consello da Xunta declarou o proxecto da Mina de Touro como proxecto industrial estratéxico. Esta declaración (ao igual que acontece con outros proxectos) non presupón ningún resultado en relación co procedemento de autorización nin coa avaliación ambiental.

Tal declaración fíxose porque cumpría cos requisitos establecidos no texto refundido das disposicións legais da Comunidade de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2025, do 12 de febreiro.

De feito, entre outros, no caso concreto de Cobre San Rafael suporía:

- A creación de 394 postos de traballo directos.
- E un investimento inicial de 195,7 millóns de euros.

O 22.11.2024 expúxose á información pública (publicación no DOG) e ademais, enviouse, entre outros, aos concellos de Arzúa, O Pino, Touro e Vila de Cruces para a súa publicación no taboleiro de anuncios, ademais de pedirse informe a diversos organismos, entre eles, á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica e á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar e á Dirección Xeral de Defensa do Monte, á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal e á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, dependentes da Consellería do Medio Rural.

Trala finalización do prazo de consulta (envío de suxestións), nestes momentos continúaase coa tramitación prevista por Lei na que se velará, coma sempre, por dar as máximas garantías medioambientais a todas as partes implicadas. Cómpre indicar que ata o momento aínda non consta a emisión de tódolos informes solicitados, pero unha vez se complete a recompilación resolverase o expediente (incluída a DIA que será emitida polo órgano ambiental).

Polo tanto, con este proxecto estanse a seguir os trámites habituais: declaración de PIE e, agora, tramitación do expediente, formada por unha serie de fitos, entre os que se atopa a declaración de impacto ambiental. Insístese na idea de que a declaración como PIE non presupón o resultado final da tramitación ambiental do dito proxecto, que será a que determine se o proxecto é viable ou non.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Ademais, é preciso indicar que Augas de Galicia, a través do Programa (Plan) de Control de Vertidos (PCV) e da gardería fluvial, realiza un labor continuo de control sobre os ríos e regatos mencionados buscando a melloría das masas de auga afectadas.

Asemade, o labor de policía e sancionadora motivaron a instalación dunha planta de tratamento sobre os afluentes desas actividades e a restauración dos espazos degradados.

En calquera caso, tamén cómpre indicar que o cobre está declarado pola Unión Europea como materia prima fundamental e tamén estratéxica, segundo establece o Regulamento 2024/1252 do Parlamento Europeo e do Consello, aprobado en abril de 2024.

Galicia conta con recursos naturais minerais de enorme valor, como o cobre, cuxos usos e propiedades fan del un mineral cunha enorme aplicabilidade. Por exemplo, na industria eléctrica, na construción, na industria automotriz, no transporte, na industria química e mesmo na industria alimentaria, entre outras moitas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:34:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31599
Data envío: 19/08/2025 16:34:20.000

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19472**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a postura da Xunta de Galicia respecto do modelo de xestión da residencia de maiores e do centro de día de Dozón"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar asinou un acordo marco coa FEGAMP en marzo de 2022 a través do cal puxo a disposición dos concellos galegos un Plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais de titularidade municipal, dotado cun importe total de 18,5 millóns de euros procedentes dos fondos europeos do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (programa Next Generation UE).

No acordo marco asinado coa FEGAMP se establece expresamente que "os centros obxecto de construción, reforma e/ou ampliación haberán de ser de xestión municipal, a través de calquera das modalidades establecidas na lexislación vixente (xestión directa, externalizada, concesión, etc.), respectando así a autonomía municipal, e garantindo ao mesmo tempo que as persoas usuarias destes centros sexan do entorno municipal ou comarcal, posibilitando con isto a creación de centros en comarcas ou contornas máis rurais que carecen deste tipo de equipamentos".

O concello de Dozón resultou beneficiario dese plan de investimentos para a construción dun centro residencial e de atención diúrna, e conforme ao principio de autonomía local decide o modelo de xestión que mellor considere".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:33:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31596
Data envío: 19/08/2025 16:34:00,137

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19490**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a situación da escolarización infantil e as posibilidades de conciliación das familias nos concellos da comarca do Deza"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia ten posto en marcha o programa de gratuidade nas escolas infantís 0-3, o que supón un esforzo financeiro moi importante dado que neste ano 2025 destínanse a este programa arredor de 65 millóns de euros, a través dunha dotación orzamentaria de fondos propios da Comunidade Autónoma sen recibir financiamento do Goberno central.

Desde a Xunta de Galicia refórzase a aposta estratéxica por facilitar o acceso das familias ao primeiro ciclo de Educación Infantil, algo que está a ser moi ben recibido polas propias familias. Precisamente, grazas a este programa, Galicia é a comunidade de referencia en escolarización 0-3 en España, tal como vén de recoñecer o Goberno central nas súas últimas estatísticas. Os datos oficiais confirman esa posición de liderado de Galicia.

Isto demostra que o número de prazas financiadas con fondos públicos a disposición das familias galegas é elevado en comparación coa media española e o resto de comunidades autónomas.

Por esta razón, a Xunta continúa reclamando que o Goberno central achegue financiamento ás comunidades autónomas para establecer esta gratuidade, que no caso de Galicia está a disposición de máis de 32.000 familias. Ademais, como xa ten insistido o Goberno galego en diversas ocasións en sede parlamentaria, trátase dun esforzo compartido nas escolas municipais cos concellos, titulares destes centros.

A Xunta de Galicia neste ano 2025 destina 8,5 millóns de euros ao financiamento das escolas infantís 0-3 de titularidade municipal, incluíndo neste apartado os Puntos de Atención á Infancia (PAI), un recurso ideado para aquelas zonas de Galicia onde o número de nenos e nenas non abonda para dispoñer dunha escola infantil, de tal forma que se permite nunha única aula a permanencia de alumnado de entre 0 e 3 anos. Neste sentido, é falso que existe desigualdade entre o financiamento dos Puntos de Atención á Infancia e o das escolas infantís municipais.

No caso concreto dos Puntos de Atención á Infancia de Rodeiro e Agolada, a subvención da Xunta de Galicia concedida no curso actual para os dous concellos é de 20.278 e 19.576 euros, respectivamente.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Non obstante, e tal como se lle trasladado en diversas ocasións desde a Consellería de Política Social e Igualdade á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), no caso de que o Goberno central destine financiamento ás comunidades autónomas para financiar a rede de prazas 0-3 xa existente, a Xunta de Galicia aumentará o financiamento destinado aos concellos con escola infantil municipal, o que tamén repercutiría nos concellos que dispoñen de PAI. Pero a realidade é que, no momento de elaboración desta resposta parlamentaria, o Goberno central destina 0 euros ao mantemento das escolas infantís que xa están en funcionamento en Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31594
Data envío: 19/08/2025 16:33:47,357

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:33:47

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19580**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona Elena Espinosa Mangana, sobre **"as consecuencias das últimas modificacións legais no que concirne ás garantías nos procedementos de solicitude das prestacións da Lei da dependencia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"As críticas do PSdeG amosan un absoluto descoñecemento de como funciona a atención á dependencia e as novas medidas para axilizala.

O Plan de axilización e simplificación do acceso aos servizos de dependencia e discapacidade da Xunta de Galicia, en vigor desde este mes de xaneiro, en ningún momento anula a figura do traballador social ou doutros profesionais que participan no proceso de valoración. Todo o contrario.

Refórzase o papel dos traballadores sociais, reducindo as súas tarefas administrativas e burocráticas para que se centren no asesoramento e atención directa ás persoas.

Ademais, non se elimina o informe social, senón que deixa de ser preceptivo con cada solicitude, podendo emitirse nos casos que se considere necesario.

O Plan tamén contempla un reforzo do persoal dos equipos de valoración, que inclúe as xa creadas catro Xefaturas de Servizo de Discapacidade, unha por provincia.

Por outra parte, son chamativas que as críticas proveñan do PSOE cando o Goberno central adebeda a todos os galegos máis de 2.500 M€ por incumprir co financiamento ao que lle obriga a Lei de Dependencia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:33:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31591
Data envío: 19/08/2025 16:33:25.939

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19586**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos, dona Ariadna Fernández González e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"o conflito laboral na Escola Infantil Merlín, de Bertamiráns, no concello de Ames, as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia ao respecto e a súa postura en relación co financiamento que achega ao devandito centro"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia ten posto en marcha o programa de gratuidade nas escolas infantís 0-3, o que supón un esforzo financeiro moi importante dado que neste ano 2025 destínanse a este programa arredor de 65 millóns de euros, a través dunha dotación orzamentaria de fondos propios da Comunidade Autónoma sen recibir financiamento do Goberno central.

Desde a Xunta de Galicia refórzase a aposta estratéxica por facilitar o acceso das familias ao primeiro ciclo de Educación Infantil, algo que está a ser moi ben recibido polas propias familias. Precisamente, grazas a este programa, Galicia é a comunidade de referencia en escolarización 0-3 en España, tal como vén de recoñecer o Goberno central nas súas últimas estatísticas. Os datos oficiais confirman esa posición de liderado de Galicia: as ratios de escolarización na Comunidade Autónoma son actualmente 12 puntos mellores que a media española.

A este programa poden acollerse todas as escolas infantís de Galicia, con independencia da súa titularidade. A entidade que xestiona a escola infantil Merlín, de xeito voluntario, concorreu á orde do 26 de xuño de 2024 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e das nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 para o curso 2024/25.

Ao tramitar a súa solicitude, o persoal funcionario da Xunta de Galicia comprobou que a entidade cumpría todos os requisitos que se establecen na orde antes citada, motivo polo que se concedeu a axuda. De non concederlle a axuda solicitada, a Xunta de Galicia podería incorrer nun delito de prevaricación.

Todas as escolas infantís de titularidade privada en Galicia están sometidas a inspeccións periódicas por parte da Subdirección Xeral de Autorización e inspección de servizos sociais. En todos os casos, cando se detecta un incumprimento en materia laboral é comunicado á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En todo caso, convén lembrar que se trata dunha escola infantil titularidade dunha entidade privada, e as relacións laborais neste tipo de centros non son competencia da Consellería de Política Social e Igualdade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:33:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31590
Data envío: 19/08/2025 16:33:19.347

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19650**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, don Daniel Pérez López e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as razóns e a eventual rectificación por parte do Goberno galego da exclusión das cooperativas sen ánimo de lucro das subvencións para programas de recursos integrais de atención especializada dirixidos especificamente a mulleres en situación de especial vulnerabilidade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"En relación á exclusión das cooperativas (con ou sen ánimo de lucro) da convocatoria SI427A- Subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, facemos os seguintes comentarios:

Na convocatoria SI427A as cooperativas exclúenselles desde ao ano 2020 de forma expresa: "Art 23. 2. Quedan excluídas do ámbito de aplicación deste procedemento as comunidades de bens, as sociedades civís, as entidades que se rexan polas disposicións relativas ao contrato de sociedade, as cooperativas, as mutualidades, así como as unións temporais de empresas e as agrupacións de interese económico."

Os motivos de exclusión da convocatoria son os seguintes:

As cooperativas de servizos son nas que se asocian persoas físicas ou xurídicas, titulares de explotacións industriais ou de servizos, e a profesionais ou artistas que exerzan a súa actividade por conta propia, e teñen por obxecto a prestación de subministracións e servizos, ou a produción de bens e a realización de operacións encamiñadas á mellora económica e técnica das actividades profesionais ou das explotacións dos seus socios.

As Cooperativas sen ánimo de lucro teñen unha función social (mellorar a calidade e condición da vida das persoas), considerada de forma individual e colectiva, pero a primeira necesidade que satisfai unha cooperativa (con ou sen carácter lucrativo) é proporcionar traballo aos seus socios/as mediante a realización común dunha actividade económica destinada a ofrecer produtos ou servizos para terceiros.

As Cooperativas, con ou sen ánimo de lucro, fináncianse co capital social que achegan os socios traballadores, pero fundamentalmente cos ingresos obtidos ao desempeñar a actividade económica.

En consecuencia, antes que "entidade sen ánimo de lucro", se é unha cooperativa de servizos, se é unha empresa, realízase actividade económica e necesariamente, esta deberá ser viable.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Os socios traballadores das cooperativas sen ánimo de lucro, aínda que non pretendan repartirse posibles excedentes (porque os reinvestirán na propia cooperativa) cobran polo seu traballo (anticipo societario). Non son voluntarios dunha ONG ou dunha Asociación.

En moitos casos, estas cooperativas de servizos sociais, como empresas que son, están a ser subcontratadas por outras asociacións que son beneficiarias da subvención SE427A, polo que consideramos que non pode ocorrer que a mesma cooperativa sexa beneficiaria directa da subvención e ao mesmo tempo estar subcontratada por outras entidades (asociacións, fundacións etc.)/ etc.) tamén beneficiarias da subvención”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 19:20:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31958
Data envío: 21/08/2025 19:20:08,721

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19817**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila e don Luis Bará Torres, sobre **"a elaboración dun estudo que teña por obxecto establecer a opción óptima para a mellora da seguridade viaria e peonil da estrada autonómica PO-400, ao seu paso polo concello de Crecente, e no cal participe a cidadanía, así como a fixación dos correspondentes prazos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A estrada PO-400 ten unha lonxitude de 38,8 km. Discorre por Crecente o treito desta estrada comprendido entre o P.Q. 24+860 e o P.Q. 41+120, cun tráfico medio diario de entre 948 e 1240 vehículos ao día. Por poñer unha referencia, o tráfico medio das estradas autonómicas da provincia de Pontevedra foi de 4.766 vehículos/día.

É, en calquera caso, unha estrada importante, vertebradora, na que a Xunta de Galicia ten realizado importantes investimentos nos últimos anos, como a obra de mellora de firme executada en 2024 con máis de 3 M€ de investimento, deles máis de 580.000 € tan só no concello de Crecente.

Ademais, nos últimos anos téñense executado actuacións importantes para a veciñanza, como a mellora das paradas de autobús do punto quilométrico 25+230 e varias actuacións de reparación de firme en treitos antigos da estrada.

Ademais, estase a traballar no proxecto tamén importante para os vecinos, de acondicionamento do treito antigo da estrada en Rodo, cuns 400 m de lonxitude, que conecta co trazado da estrada autonómica actual entre o P.Q. 26+430 e o 26+750.

Dende a AXI atendeuse a petición presentada polo Concello en 2022, desenvolvendo unha actuación que ten como obxectivo principal a ampliación da calzada e a incorporación de beirarrúas. O orzamento estimado é duns 0,55 M€.

O proxecto de Trazado someteuse a IP o 20/09/2024. Previsión aprobar proximamente o proxecto de trazado, e avanzar xa no construtivo o de cara á execución das obras".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 10:39:08
Nº Rexistro: 32019
Data envío: 22/08/2025 10:39:08,590

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 10:39:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 10:39:08
Nº Rexistro: 32019
Data envío: 22/08/2025 10:39:08,590

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19818**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila, don Paulo Ríos Santomé e don Luis Bará Torres, sobre **"a eventual ampliación dos proxectos en marcha relativos á conexión ferroviaria da PLISAN (Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra-As Neves) para incluír tamén o transporte de viaxeiros"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta promove o uso do transporte público como principal alternativa de mobilidade fronte ao coche, como unha das medidas estratéxicas para avanzar nun modelo de mobilidade máis verde, sostible e socialmente responsable.

Con respecto ao transporte ferroviario na Comunidade, o Goberno galego leva reclamando desde hai tempo ao Goberno central melloras nas infraestruturas e servizos.

Cabe lembrar que as competencias da Xunta en materia de transporte público corresponden co autobús interurbano. Neste ámbito, o Goberno galego avaliará a necesidade de reforzar as conexións de autobús con esta área loxística e industrial, de ser preciso".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 13:57:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 13:57:20
Nº Rexistro: 31300
Data envío: 18/08/2025 13:57:20.366

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19821**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"a situación laboral en que se atopan os equipos de valoración e orientación da dependencia e da discapacidade en Galicia e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia respecto da condición deste persoal e da dotación dos equipos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"No que respecta ao persoal contratado con cargo aos fondos europeos dentro do Plan de reforzo dos EVO de discapacidade e dependencia temos que indicar que ditos planes teñen vixencia ata o ano 2027, tal e como se recolle no Plan de axilización e simplificación dos trámites de Dependencia e Discapacidade aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en decembro do ano 2024.

Os programas temporais son cubertos por funcionarios interinos, e o artigo 10.3 do Estatuto Básico do Empregado Público - normativa básica estatal - establece que a duración non pode ser superior a tres anos, ampliado en 12 meses, polo que pasados os catro anos de ocupación dunha praza o funcionario interino ten que cesar, o que non quere dicir que a praza non sexa ocupada de novo.

Tamén, e gracias ao Plan de axilización e simplificación dos trámites de Dependencia e Discapacidade, se crearon as xefaturas de servizo de discapacidade nos catro departamentos territoriais, o que permitirá ter xefaturas de servizo en exclusiva para cada área: dependencia e discapacidade en todas as provincias. Ademais reforzouse a área de dependencia con novos profesionais.

Hai que recordar que desde o ano 2021, o Goberno galego incrementou o persoal dedicado directamente á dependencia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 19:19:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31956
Data envío: 21/08/2025 19:19:56.123

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19828**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **"a actualización da composición do Consello Galego de Benestar Social e o impulso do papel deste órgano consultivo e de participación no ámbito dos servizos sociais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Decreto 246/2011, do 15 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no relativo aos órganos consultivos e de participación, recolle no seu artigo 5, a composición do Consello Galego do Benestar Social.

Nesta composición figura un amplo número de representantes dos distintos sectores relacionados cos servizos sociais e incorpórase como vogais do Consello Galego de Benestar Social tanto a representantes das Administracións públicas (da Comunidade Autónoma e Estatal), representantes das entidades locais, representantes das organizacións sindicais, representantes das organizacións empresarias intersectoriais, representantes das organizacións profesionais agrarias, entidades prestadoras de servizos sociais, representantes das asociacións que velan polos intereses dos usuarios de centros e servizos sociais, representantes das universidades de Galicia e representantes dos colexios profesionais (Psicoloxía, Traballo Social e Educadores Sociais).

Esta composición que integra un numeroso número de vogais (49 na actualidade) garante a participación dos diversos sectores da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias en servizos sociais, ou cuxa actuación desenvólvese nesta área.

Consonte ás ditas consideracións, polo de agora non está previsto ampliar o número de vogais do CGBS, pero isto non significa que a súa composición non se actualice. Neste senso hai que ter en conta que cada catro anos, e segundo indica o artigo 6 do Decreto 246/2011, ábrese un procedemento de elección para elixir a aqueles vogais representantes das entidades prestadoras de servizos sociais definidas no artigo 30 da Lei 13/2008, dedo 3 de decembro. O último proceso de elección rematou en outubro de 2023 co nomeamento de novos representantes das ditas entidades. Por outra banda, os restantes membros do CGBS renóvanse periodicamente por proposta das distintas organizacións, entidades, asociacións e colexios profesionais.

En relación ás cuestións relacionadas coas funcións deste órgano, temos que subliñar que o Consello Galego de Benestar Social é un órgano consultivo e de participación que está presente e forma parte das decisións en materia de políticas sociais de Galicia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A última modificación, incorporada a través de 10/2013, do 28 de decembro, de medias fiscais e administrativas reflicte este carácter cando relaciona entre as súas funcións (artigo 40.3 b) as de emitir ditames no eido dos servizos sociais, por instancia da consellaría competente en materia de servizos sociais. Esta función complétase coas demais relacionadas nos restantes apartados do dito artigo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 19:19:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31954
Data envío: 21/08/2025 19:19:44.866

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19869**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"os prazos, os orzamentos e os mecanismos previstos pola Xunta de Galicia co fin de concretar o Plan integral de actuación para a renovación e o impulso dos centros de información á muller, anunciado en novembro de 2024"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Política Social e Igualdade está desenvolvendo este ano 2025 o Plan integral de actuación para a renovación e impulso dos CIM de Galicia, un plan que se enmarca no reforzo das políticas da Xunta en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero, e que terá como obxectivo impulsar a actividade dos CIM, optimizar este recurso e adaptalo á evolución das dinámicas sociais e ás necesidades de funcionamento.

Este plan está dividido en dúas fases de actuación. En primeiro lugar, unha fase de estudo e diagnose, que ten como obxectivo coñecer a realidade da rede de cara ao deseño de medidas. Ademais, esta diagnose permitirá coñecer as necesidades dos concellos en materia de atención a mulleres e ás persoas LGTBI, tanto dos municipios que contan con CIM coma dos que non, así como as necesidades do persoal dos centros.

A partir dos resultados do estudo e diagnose, activarase a segunda fase, que implicará a elaboración do plan integral de actuación. Os obxectivos xerais e específicos do plan determinaranse, en boa parte, a partir dos resultados da diagnose realizada, que conterá información detallada sobre a realidade actual dos CIM, o seu funcionamento e as necesidades e demandas do persoal.

Con este obxectivo, o Goberno galego incrementa neste ano 2025 o apoio que ofrece a estes centros municipais, ata superar os 6,8 millóns de euros, o que será o maior investimento na historia desta rede de 84 centros que dá cobertura a preto de 200 concellos e proporciona unha atención integral e de proximidade a máis de 16.700 persoas cada ano".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31952
Data envío: 21/08/2025 19:19:33,963

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 19:19:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31952
Data envío: 21/08/2025 19:19:33,963

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19947**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **"a información relativa ás cinco mil persoas que recibiron a homologación automática dos graos de dependencia e de discapacidade e a valoración sobre a conveniencia desta medida"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego está a desenvolver con éxito o Plan de axilización e simplificación dos trámites de Dependencia e Discapacidade, vixente dende xaneiro deste mesmo ano, que no seus primeiros seis meses permitiu resolver de maneira favorable máis de 42.500 expedientes, un 85% máis que no mesmo período do ano anterior.

Isto permite que Galicia supere hoxe os 84.000 dependentes con servizo, o que supón un incremento do 12% nos últimos doce meses.

É totalmente necesario que o Goberno central cumpra coa lei de dependencia e financie o 50% do investimento nesta materia.

A Xunta leva anos denunciando a débeda do Goberno central con todos os galegos en materia de dependencia, que supera os 2.500 M€, e á que se suma agora un trato desigual con respecto a outras CC.AA, xa que mentres que en Galicia o Executivo central diminúe a súa achega, baixando do 40% ao 34% en só un ano, acorda bilateralmente co País Vasco asumir o 50% do custo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 19:17:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31950
Data envío: 21/08/2025 19:17:35.449

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20027**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, don Ramón Fernández Alfonzo e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a situación sociosanitaria do concello das Pontes e as previsións da Xunta de Galicia verbo da habilitación total das prazas autorizadas no seu centro de día"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O centro de día de As Pontes é un centro xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar en virtude dun convenio asinado en 2012 co concello de As Pontes, que conta cunha capacidade máxima de 30 prazas, e iniciou a súa actividade con 16 prazas en funcionamento.

Na actualidade non existe lista de agarda para ese centro de día".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 19:17:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31947
Data envío: 21/08/2025 19:17:18.672

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20063**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"o balance, os requisitos e o atraso da convocatoria deste ano das subvencións destinadas á contratación por parte de entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego ven de unificar, nunha mesma convocatoria, as axudas aos concellos rurais para a contratación de persoas desempregadas -Aprol rural e os destinados á contratación de persoas perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia (Risga)- para facilitarlles o acceso a estas achegas.

Isto faise, entre outros aspectos, tras comprobar un descenso nas solicitudes relacionadas coa Risga, porque boa parte das persoas perceptoras deste apoio pasaron a recibir o Ingreso Mínimo Vital, que ten unha cobertura máis ampla.

Non obstante, cómpre salientar que as persoas perceptoras da Risga están entre os colectivos prioritarios que poden acceder a estas axudas e, a Xunta de Galicia, conta con outras liñas de apoio enfocadas a estes perfís estratéxicos.

En canto ao acceso das entidades locais, hai que aclarar que, aínda que a orde se centra nos concellos de menos de 50.000 habitantes, os de máis de 50.000 poden acceder a través das mancomunidades e consorcios locais.

O obxectivo destas axudas consiste no financiamento de accións de fomento de emprego, en colaboración coas entidades locais de Galicia para a realización de tarefas relacionadas, maioritariamente, coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes e a xestión da biomasa, cun orzamento de 14.308.298 euros.

As súas vantaxes céntranse en poñer o foco nunha problemática que teñen os concellos, como a limpeza de franxas, duplicar o orzamento, aumentar a cantidade e calidade dos contratos, a apertura dos perfís a tódolos parados (non soamente do Risga), así como mellorar os grupos de cotización, apoiar ao 100% no financiamento e a contratación anticipada".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:52:40
Nº Rexistro: 32014
Data envío: 22/08/2025 09:52:40.166

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 9:52:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:52:40
Nº Rexistro: 32014
Data envío: 22/08/2025 09:52:40.166

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20152**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as condicións das subvencións destinadas ao financiamento das casas niño"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O programa de casas-niño é un programa impulsado pola Xunta de Galicia que ten por obxectivo facilitar a conciliación das familias con nenos ou nenas de ata 3 anos de idade que residen en concellos do ámbito rural, sempre cunha poboación inferior a 5.000 habitantes.

Para facelo posible, a Xunta de Galicia aprobou distintas ordes de subvención para a creación e o mantemento de casas-niño nestes concellos. A estas ordes téñense presentado de xeito voluntario persoas cunha formación específica e acreditada no ámbito educativo, que grazas ao seu bo facer convertiron este programa nunha iniciativa pioneira en España.

Dende o inicio deste programa, a Xunta de Galicia ten introducido diferentes melloras nas contías que perciben as titulares das casas-niño, sempre en permanente contacto coas profesionais que desenvolven este programa.

De feito, a contía da prima anual que perciben as titulares das casas-niño tense incrementado de xeito notable desde o inicio deste proxecto, no ano 2016. Un proxecto que contou co rexeitamento inicial do grupo autor desta pregunta.

Neste sentido, as últimas melloras que se teñen implantado no programa de casas-niño foi posible levalas a cabo grazas á aprobación dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025, pese ao voto en contra do BNG. Ademais da contía da prima anual, a Xunta de Galicia tamén ten introducido unha subvención adicional para aquelas titulares de casas-niño cando contratan unha substituta nas baixas por maternidade, co obxectivo de compensar o incomprensible recorte aprobado polo Goberno de Pedro Sánchez ás bonificacións das cotizacións en contratatacións para efectuar substitucións por maternidade.

En todo caso, a Xunta de Galicia seguirá traballando da man das titulares das casas-niño para continuar implantando medidas que permitan seguir prestando ás familias un servizo de calidade, e que ao mesmo tempo permitan contrarrestar decisións adoptadas polo Goberno central -como a suba de cotizacións, o aumento de impostos ou a xa mencionado recorte nas bonificacións á substitucións por maternidade- que tamén afectan ás titulares das casas-niño".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31945
Data envío: 21/08/2025 19:17:07,553

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 19:17:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31945
Data envío: 21/08/2025 19:17:07,553

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20257**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a calidade dos servizos prestados na Residencia Concepción Arenal, residencia de maiores da Coruña, a partir da privatización da súa xestión e a avaliación que fai a Xunta de Galicia da súa situación"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Política Social e Igualdade atende as necesidades de todos os centros da súa competencia, como é o caso da Residencia de Maiores Concepción Arenal no concello da Coruña.

A Residencia de Maiores Concepción Arenal nos anos 2023 e 2024 dotouse de medios materiais de equipamento de mobiliario e enxoval por un importe de preto de 90.000€.

Nesta residencia nos últimos anos realizáronse obras por un importe de 320.000€, que supuxeron a reparación das cubertas e a súa impermeabilización e a substitución de bombas de auga quente sanitaria e servomotor.

Polo que respecta ao funcionamento da mesma, cabe dicir que no ano 2024 se presentaron reclamacións á anterior entidade xestora (Mimara) relativas á perda de obxectos, non facilitar o acceso ás instalacións, a atención da enfermería, fumar no exterior... Todas elas foron contestadas coas explicacións pertinentes.

Dende que se asumiu a nova xestión por CK Senior o 01/12/2024 non se presentaron denuncias.

Por outro lado, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, aprobada polo goberno bipartito PSOE-BNG, establece entre as distintas formas de prestación dos servizos sociais, a xestión indirecta no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público.

Ao abeiro da referida disposición, o procedemento de licitación da xestión da Residencia de maiores Concepción Arenal, de conformidade coa normativa reguladora dos contratos do sector público, garante os principios de obxectividade, igualdade e publicidade que debe rexer en todo procedemento administrativo.

Os pregos que rexen a referida contratación, recollen os dereitos e obrigas das persoas usuarias do servizo residencial, así como a obriga da entidade adxudicataria, respecto do persoal destinado ao servizo, de cumprimento da normativa laboral e do convenio colectivo de aplicación, da Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente en cada momento".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31943
Data envío: 21/08/2025 19:16:56,388

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 19:16:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31943
Data envío: 21/08/2025 19:16:56,388

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20263**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey don Carlos López Font , sobre **"as previsións que ten o Goberno galego co obxectivo de materializar a Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas e a idea de crear unha gran vía verde atlántica"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta está a traballar na elaboración do Plan de Seguimento e Implementación da Infraestrutura Verde de Galicia no marco da Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e da Conectividade e da Restauración Ecolóxicas (EGIVCRE) que establece un marco xeral para a configuración e o desenvolvemento da mesma acorde cos criterios fixados pola Unión Europea e o Estado.

Deste feito, unha vez aprobada a EGIVCRE estase agora coa elaboración deste Plan da Infraestrutura Verde de Galicia, que permita a súa aplicación no período de vixencia (ata o ano 2050).

Este Plan, de carácter aberto e adaptativo, será coordinado pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e integrará datos procedentes de distintas unidades da administración autonómica, e datos elaborados por distintas fontes, especialmente aqueles procedentes de axencias europeas e estatais que monitorean o estado dos compoñentes da estratexia (clima, biodiversidade, ocupación do solo, fragmentación da paisaxe, accións de restauración ambiental realizadas, integración das estratexias locais, etc).

No documento da Estratexia aparecen sinalados e identificados os apartados que deberán ser obxecto deste Plan de Seguimento.

A execución do Plan de Seguimento permitirá ademais avaliar o grao de eficiencia no cumprimento de las metas e obxectivos da Estratexia, así como permitirá integrar novas situacións territoriais xurdidas no transcurso temporal da mesma.

Na redacción e avaliación do Plan de Seguimento terá unha papel relevante o Consello Asesor da Paisaxe de Galicia, órgano consultivo establecido pola Xunta de Galicia."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 13:57:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 13:57:07
Nº Rexistro: 31298
Data envío: 18/08/2025 13:57:07.141

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20350**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"o tipo de permisos mineiros que se están tramitando ante o Goberno galego en relación coa canteira de Toén, o estado en que está a correspondente tramitación, a empresa solicitante e o proxecto de explotación"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"En relación coa pregunta formulada, infórmase que, cos antecedentes dispoñibles, non é posible determinar con certeza, a que explotación mineira específica se fai referencia.

Para poder realizar unha resposta máis precisa, faise necesario contar cos datos que permitan identificar o proxecto ou instalación en cuestión, tales como a súa denominación exacta, localización xeográfica, ou calquera outro dato relevante, que facilite a identificación do proxecto ao que puidese aludirse.

Non obstante o anterior, e en aras ao principio de transparencia e procurando a máxima colaboración e cooperación cos deputados e deputadas do Parlamento de Galicia, infórmase que na actualidade non se está a tramitar ningunha explotación mineira no concello de Toén. En calquera caso, si que existe un permiso de investigación Puga 94, nº 4745, de 25 cuadrículas mineiras.

E sobre o que o 14.04.2025 aprobouse o proxecto de restauración dos terreos afectados polo permiso de investigación e fixación de garantía financeira.

Asemade, cómpre sinalar que na Orde do 27 de xaneiro de 2025 pola que se declaran francos os terreos e se convoca o concurso público relativo a dereitos mineiros caducados correspondentes á provincia de Ourense incluíuse o dereito mineiro Goleta 5272, en Toén, para que os posibles interesados solicitaran un posible permiso de investigación. Este concurso está previsto resolvelo ao longo do terceiro trimestre de 2025, e é importante incidir en que os posibles adxudicatarios unicamente poderán solicitar, nun momento inicial, a tramitación dun permiso de investigación".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 13:56:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 13:56:49
Nº Rexistro: 31295
Data envío: 18/08/2025 13:56:49.716

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20441**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"as previsións da Consellería do Mar ante a aparición da planaria (Postenterogonia orbicularis) nas nosas costas e a eventual posta en marcha dunha rede de vixilancia para a súa detección"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 18 de marzo de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 20438, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OGE3MjAxMjgtZDRhYi00NGVklWE2YmUtNzM2OTc3MTk4YzNj&start=4488.157>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a demanda ao Goberno galego de plans e estratexias para conter a expansión da planaria "Postenterogonia orbicularis" nas augas do litoral galego".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 19:16:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31941
Data envío: 21/08/2025 19:16:44.715

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20464**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, dona Montserrat Valcárcel Armesto e don Ramón Fernández Alfonso, sobre **"a participación de Xesgalicia en empresas do sector da biomasa e a venda das accións que tiña na planta de pellets de Biomasa Forestal"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Xesgalicia é unha ferramenta pública ao servizo do tecido produtivo galego, orientada a impulsar proxectos estratéxicos que xeren emprego, valor engadido e capacidade de atracción de investimento privado. Para este 2025, conta con saldos dispoñibles para investimentos por valor de 140 millóns de euros, dos que se prevé mobilizar inicialmente 22 millóns.

As operacións realizadas por esta sociedade pública caracterízanse polo seu efecto multiplicador, mobilizando investimento privado por un importe superior ao dobre do capital público achegado. Neste contexto, a súa actuación céntrase en promover solucións estruturais que contribúan á viabilidade das empresas, á súa consolidación e á preservación do emprego industrial.

A participación de Xesgalicia, a través do Fondo Galicia Compite FICC, na empresa Biomasa Forestal debe entenderse no marco desta estratexia de impulso inicial a proxectos tractores. Unha vez alcanzada unha etapa de madurez industrial e empresarial e coa presenza asegurada de capital privado estable, os fondos de capital risco como Galicia Compite adoitan recuperar os recursos públicos investidos e orientar novos apoios a outras iniciativas emerxentes que precisen acompañamento.

Este tipo de operacións permiten ampliar o alcance da acción pública, facilitando a rotación dos recursos dispoñibles e reforzando a capacidade de apoio a novos sectores prioritarios ou empresas en fases críticas. Xesgalicia continúa a actuar activamente nese sentido, con participacións relevantes en proxectos industriais, empresas innovadoras e compañías estratéxicas para o futuro económico de Galicia.

En definitiva, a actuación de Xesgalicia responde a criterios de eficacia, compromiso e dinamismo, consolidándose como unha panca fundamental para a modernización do tecido empresarial galego, con capacidade de resposta tanto ante situacións de risco como nos procesos de crecemento e diversificación produtiva".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31587
Data envío: 19/08/2025 16:33:01.276

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:33:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31587
Data envío: 19/08/2025 16:33:01.276

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20573**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e don Luis Bará Torres, sobre **"as actuacións, os estudos e os plans da Xunta de Galicia en materia de protección do medio mariño das costas galegas fronte ás especies invasoras"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 18 de marzo de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 20572, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OGE3MjAxMjgtZDRhYi00NGVklWE2YmUtNzM2OTc3MTk4YzNj&start=4488.157>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as actuacións que a Xunta de Galicia ten postas en marcha diante da crecente presenza nas augas das costas galegas de especies invasoras prexudiciais para o medio mariño".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 19:16:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31940
Data envío: 21/08/2025 19:16:39.340

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20785**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona Lara Méndez López, sobre **"a postura da Xunta de Galicia verbo da aprobación na anualidade de 2025 de axudas públicas ás empresas electrointensivas situadas en Galicia para compensar as emisións de CO₂",** convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"As axudas do mecanismo de compensación dos custos indirectos de CO₂ teñen a súa orixe na Directiva (UE) 2018/410 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2018, que establece:

"Os Estados membros deberán adoptar medidas financeiras (...) en favor de sectores ou subsectores que están expostos a un risco real de fuga de carbono debido aos custos indirectos significativos sufragados efectivamente con cargo aos custos das emisións de gases de efecto invernadoiro repercutidos nos prezos da electricidade, sempre que esas medidas financeiras estean en conformidade coas normas sobre axudas estatais e, en concreto, non provoquen distorsións indebidas da competencia no mercado interior. Cando o importe dispoñible para esas medidas financeiras supere o 25% dos ingresos xerados pola poxa de dereitos de emisión, o Estado membro afectado expoñerá as razóns polas que se superou devandito importe.

Os Estados membros tamén procurarán non gastar nas medidas financeiras (...) máis do 25% dos ingresos xerados polas poxas de dereitos de emisión. (...) A partir de 2018, para calquera ano en que un Estado membro utilice con estes fins máis do 25% dos ingresos xerados polas poxas de dereitos de emisión, ese Estado publicará un informe no que indique os motivos para superar o devandito importe."

É dicir, esta Directiva establece un límite máximo para estas axudas do 25% dos ingresos obtidos pola poxa de dereitos de emisión. Con todo, este límite non aparece reflectido de maneira taxativa, senón que se establece a posibilidade para superalo se se expón motivadamente que razóns hai que xustifiquen o seu incremento.

A pesar desta posibilidade, esta Directiva foi trasposta ao ordenamento xurídico nacional a través do apartado 4 do artigo 30 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, que dispón que:

"Cada ano, previo informe do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, conforme á normativa comunitaria en vigor poderase destinar ata un 25% dos ingresos procedentes das poxas dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro para a compensación dos efectos dos custos indirectos polas emisións de CO₂, ligadas ao consumo de electricidade, para as instalacións en risco de fuga de carbono."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



É dicir, por unha banda, na transposición, en España impúxose xa directamente esa limitación de axudas de ata o 25% como máximo, a pesar de que a Unión Europea habilitaba o poder superarse.

Pero, por outra banda, ademais, non se están habilitando esas axudas de ata o 25% como máximo. Así, mentres no ano 2021 obtivéronse 2.483 M€ de recadación anual por dereitos de CO₂, as axudas para compensación por custos indirectos no ano 2022 foron de soamente 244 M€, é dicir, o 9,8%, cando poderían alcanzar, co actual marco normativo estatal, sen facer uso da posibilidade de superalo que si permite a Directiva, os 621 M€. En cambio, no ano 2022 a recadación ascendeu a 3.231 M€, destinándose para axudas no ano 2023 outra vez 244 M€, isto é, o 7,5%, cando poderían destinarse 808 M€.

Para o ano 2024, as axudas ascenderon a 300 M€, contía que representou unha porcentaxe destinada a axudas do 8,3%, mentres que o 25% ascendería a 896M€.

Para o ano 2025, anunciouse o 13.12.2024 que as axudas para compensación por custos indirectos de CO₂ ascenderían a 600 M€, anuncio que se repetiu o 17.06.2025.

Aínda que é unha boa nova que se mellore a dotación anterior, esta segue a ser insuficiente, xa que nin os 600 M€ chegan a cubrir o 25% que marca a Lei, por non falar de que outros Estados membros, con gobernos máis proactivos, superan ese 25%, posibilidade que en España tamén se podería cun simple informe xustificativo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 13:56:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 13:56:38
Nº Rexistro: 31293
Data envío: 18/08/2025 13:56:38,875

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20847**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, dona Ariadna Fernández González e don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"o grao de idoneidade da localización e dos recursos do Punto de Encontro Familiar de Ourense para o cumprimento das súas funcións e as actuacións que prevé impulsar o Goberno galego ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Punto de Encontro Familiar (PEF) de Ourense atópase nunha zona céntrica da cidade, ben iluminada, con tráfico rodado e na mesma mazá onde se ubica a Comisaría Provincial da Policía Nacional de Ourense. Polo tanto, non só cumpre coa normativa vixente senón que, adicionalmente, dispón dunha ubicación que facilita o cumprimento dos réximes de visitas establecidos polos xulgados correspondentes e a intervención coas familias.

O Punto de Encontro Familiar de Ourense dispón dun libro de reclamacións a disposición de todas as persoas usuarias. Desde o traslado ás actuais dependencias, non consta ningunha queixa das persoas usuarias do PEF sobre a ubicación deste recurso gratuito para as familias, nin no libro de reclamacións, nin tampouco trasladadas de xeito verbal durante as intervencións. Tampouco constan na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica nin na Subdirección Xeral de Inspección de servizos sociais.

Ao contrario: ao tratarse dun edificio no que se atopan diversas instalacións de ocio, deportivas e culturais, evítase a estigmatización das persoas usuarias, xa que o acceso ao edificio non supón acudir necesariamente ao Punto de Encontro Familiar.

Finalmente, respecto das intervencións nas que participan vítimas de violencia de xénero, convén lembrar que o labor do PEF é executar os réximes de visitas que veñen establecidos polos organismos xudiciais, de obrigado cumprimento. En todo caso, as profesionais do Punto de Encontro Familiar están a aplicar con rigorosidade o protocolo específico de actuación para este tipo de intervencións, que ten por obxecto evitar calquera tipo de contacto entre os dous proxenitores".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 19:16:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31937
Data envío: 21/08/2025 19:16:22.287

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20871**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas e outros deputados e deputadas, sobre **"a regulación da expansión do viñado e os plans da Xunta de Galicia para impulsar unha ordenación que evite a invasión dos núcleos de poboación polas explotacións vitícolas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A produción de uva para vinificación é un dos sectores agrícolas máis importantes de agro galego. Este cultivo, de enorme tradición en Galicia, conta con moita superficie acollida e non acollida a DOP. Contamos con cinco denominacións de orixe protexidas, que xeran unha considerable actividade económica, laboral e social. Dentro delas, Rías Baixas é a que máis viño produce. Abrangue, entre outras zonas, gran parte da comarca do Salnés e do Baixo Miño, zonas moi poboadas en relación a outras comarcas dentro de DOP.

Por outra banda, cómpre aclarar que a **plantación de novos viñedos non é unha actividade libre**. É preciso dispoñer da correspondente autorización. O sistema de autorizacións substituíu ó anterior, que estaba baseado en dereitos de plantación. Entrou en vigor no ano 2016 e está prevista a súa duración ata o 2045. Así, só se poden plantar viñas para uva de vinificación con fines comerciais se se ten autorización, que só é posible obter por tres vías: a partir de viñas arrincadas, a partir de dereitos de plantación do propio promotor ou a partir do cupo de novas plantacións.

De acordo co Anuario de Estadística Agraria do MAPA (2022), hai 24.213 hectáreas de viñado en Galicia, que equivalen ó 3,88% do viñado español. Destes, só 17.486 ha están en produción, o que explica que o volume anual dos viños galegos só acade o 2,27 % nacional. **Hai un elevado abandono de superficie agraria, que tamén afecta ó viñado**. Segundo a *Encuesta sobre superficies y rendimientos de cultivos ESYRCE*, Galicia perdeu un 3,2% de superficie de viñado en 2024 en relación ó ano anterior. Durante as últimas décadas estase producindo unha redución progresiva da superficie adicada a viñado no conxunto de España, que pasou das 1,64 millóns de hectáreas de 1980 ás 0,91 millóns de 2024 (perdeuse máis da metade da superficie).

Finalmente, é preciso recordar que a normativa en materia de fitosanitarios regula a súa aplicación correcta e segura. Ademais, a política comunitaria actual está a reducir a cantidade de produtos aplicados, así como a perigosidade dos que manteñen vixente a súa autorización para seren aplicados".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 14:18:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31180
Data envío: 14/08/2025 14:18:21.240

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20901**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, dona Rosana Pérez Fernández e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego en relación co proxecto de dragaxe do río Lérez"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta lamenta o bloqueo do Goberno central á tramitación da dragaxe do río Lérez dado que se continúa á espera da autorización dos puntos de depósito dos áridos por parte do Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Miteco). Nesta liña, o Goberno galego denuncia que esta situación é extensible a 16 obras de dragaxe no litoral sur da comunidade e de xeito sinalado á dragaxe do río Lérez pola decisión trasladada en abril de 2021 de non autorizar máis vertidos no punto E8, no exterior de Sálvora, que supuxo a paralizando a tramitación de todas as dragaxes do sur de Galicia.

O pasado mes de abril Portos de Galicia remitiu ao Miteco o informe técnico definitivo do CEDEX, organismo técnico de recoñecido prestixio dependente do Goberno central, en relación á proposta de puntos de depósito dos áridos procedentes das dragaxes das Rías Baixas, nomeadamente a do Lérez, en Pontevedra. Así, mantén nas súas conclusións o punto E8, situado nas inmediacións da illa de Sálvora, como "alternativa prioritaria". Tamén introducía como novidade nas dragaxes da ría de Pontevedra que poderá "verterse indistintamente na zona D ou na E8" e engade que "sería adecuado propoñer un enfoque individual en cada proxecto".

Un documento que está sustentado no traballo de campo realizado pola comisión integrada por Portos de Galicia, as Autoridades Portuarias do Estado en Galicia e o propio CEDEX ao longo dos últimos catro anos para elaborar o estudo de alternativas solicitado polo MITECO no momento da clausura do punto E8 en 2021. Desde a Administración autonómica recordan que o pasado 24 de xullo celebrouse unha reunión na que participaron representantes do Miteco, Portos do Estado e Portos de Galicia, na que Centro de Estudos de Portos e Costas, dependente do Cedex, presentou o estudo de alternativas realizado sen que se traducira en avances concretos no proceso de autorización, competencia exclusiva do Ministerio.

Neste contexto, a Xunta critica a "inexplicable" desidia do Estado que impide iniciar a tramitación ambiental e posterior licitación das obras de dragaxe do Lérez, que contan cun orzamento de 3 millóns de euros, así como dos 16 paralizados ao sur da ría de Muros. O Goberno galego resalta o prexuízo causado aos intereses do sector portuario da ría de Pontevedra cunha espera de máis de catro anos para que o Ministerio estableza alternativas onde depositar o áridos das dragaxes previstas".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 12:35:46
Nº Rexistro: 31877
Data envío: 21/08/2025 12:35:46.882

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 12:35:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 12:35:46
Nº Rexistro: 31877
Data envío: 21/08/2025 12:35:46.882

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20998**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Lara Méndez López, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante a aprobación da prórroga do Plan Moves III e o impulso de normativas e subvencións públicas para facilitar o desenvolvemento de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O 7 de marzo de 2025, a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta oral número de rexistro 15989, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a valoración que o Goberno galego realiza do proceso de transición enerxética en relación co sector do transporte, así como sobre o balance que realiza do programa Moves III e do Plan Renova o teu vehículo, na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

A continuación inxírese ligazón á resposta:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YjdIMGM00TktMzFLYi00NWQ0LTliNWMtNmUxZmZkYjVjODhl&start=1291>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 13:56:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 13:56:33
Nº Rexistro: 31292
Data envío: 18/08/2025 13:56:33,455

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 21053**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros deputados e deputadas, sobre **"a situación en que está o proxecto de mellora da seguridade viaria da estrada AC-542 ao seu paso por Infesta, no concello de Betanzos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 16 de abril demos a conocer o proxecto para mellorar a seguridade e accesibilidade peonil na estrada AC-542, ao seu paso por Infesta, que contará cun investimento de 1,16M€.

A conselleira reuniuse no centro Pai Menni de Betanzos con representantes do colectivo Stop Accidentes e tamén con veciños de Infesta para explicarlles esta actuación, que recolle suxestións de ambos colectivos. No caso de Stop Accidentes, este proxecto impulsouse no marco do convenio de colaboración que a Xunta mantén coa asociación para o impulso de novas medidas en defensa da seguridade viaria.

Máis en concreto, o proxecto incorpora as propostas xurdidas na experiencia piloto que Stop Accidentes levou a cabo neste centro Pai Menni, destinado a persoas con discapacidade, e cuxo persoal e usuarios trasladaron as súas necesidades neste ámbito.

As intervencións previstas tamén incorporaron suxestións trasladadas polos veciños de Infesta, sendo nalgúns casos coincidentes coas transmitidas polo centro Pai Menni, e noutros casos complementarias.

Das intervencións proxectadas, cómpre destacar catro actuacións singulares: a creación dunha nova glorieta do enlace da AC-542 coa N-VI, a habilitación dun novo acceso ao centro Pai Menni, a mellora da accesibilidade peonil na travesía de Infesta, así como a ampliación do paso superior da pasarela sobre a vía do ferrocarril, na que se recolle a ampliación sobre a vía férrea existente no PK 1+980, para dar cabida ao itinerario peonil continuo e accesible.

Prevese ademais un cambio de sentido, con carril central de espera, nos puntos 0+860 a 0+910, para substituír os xiros á esquerda que actualmente se permiten no acceso do punto 0+670, e o semáforo que os regula; o que implica reconfigurar o carril central para vehículos lentos existente entre os puntos quilométricos 0+670 e 1+060.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outra banda, mellorarase a visibilidade do acceso existente no punto 0+670, desdixando o marxe esquerdo da curva situada entre os puntos 0+670 e 0+770 e restrinxindo o aparcamento de vehículos no entorno do acceso existente na súa marxe dereita no quilómetro 1+420, mellorando a súa visibilidade.

Ademais, acondicionarase o cambio de sentido situado no punto quilométrico 1+650, marxe dereito, para mellorar a súa configuración física e a súa sinalización, ao tempo que se lle da continuidade aos itinerarios peonís. ”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 14:18:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31177
Data envío: 14/08/2025 14:18:04.227

CSV: BOPGDSPG-RdPV/PFwhX-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 21067** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"as actuacións que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia para lle garantir ao alumnado de etapas postobrigatorias a dispoñibilidade de transporte público"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

" Para a Xunta de Galicia é fundamental acadar unha rede de conexións de transporte público por estrada axustada ás necesidades globais de mobilidade da cidadanía galega. Por esta razón, o Plan de Transporte Público de Galicia busca dar resposta ás preferencias de mobilidade da poboación galega con independencia do seu lugar de residencia.

O alto nivel de dispersión e o avellentamento da poboación galega son factores determinantes para a ideación dun mapa adaptado ás necesidades cambiantes do transporte público. Por esta razón, o Goberno galego puxo en marcha o transporte compartido, que se define como unha oferta mixta de escolares e usuarios de servizos xerais e os servizos de Baixo Demanda, especialmente concibidos para mellorar as conexións do rural galego.

O Goberno galego é plenamente consciente do papel do transporte público na realidade dos estudantes en etapas postobrigatorias, xa que este facilita o acceso á educación en termos de igualdade, reducindo custos e incentivando a sostenibilidade ambiental.

Por este motivo, realízanse unha serie de actuacións que promoven os desprazamentos do alumnado cara os seus centros de ensino a través de servizos adaptados ás tempadas lectivas do Bacharelato e das principais universidades galegas, que están operativos durante o curso. E tamén mellorando as tarifas a través da TMG e, en concreto, a TMG Xente Nova, que posibilita realizar cada mes ata 60 viaxes interurbanas gratuítas aos usuarios de entre 4 e 20 anos".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31175
